





---

# CAMIÑANDO

Henry David Thoreau

Tradución e notas:

Elva Souto



Título orixinal: **Walking**, 1861

Tradución e notas: Elva Souto

Introdución: Pablo Seoane

Deseño e maquetación: Juan Gallego \_ [www.juangallegoestudio.com](http://www.juangallegoestudio.com)

Fotografía de portada: Ansel Adams. 'Secuoyas', Bull Flat Creek, California,  
1960

Edición: **axóuxere**

Brión, 64

15928 Leiro, Rianxo. A Coruña

Galiza

[info@axouxe-stream.com](mailto:info@axouxe-stream.com)

[axouxe-stream.com](http://axouxe-stream.com)

Impresión: Gráficas Sementeira. Noia

ISBN: 978-84-939107-6-1

Depósito legal: C 1010-2012

---

# Índice

<b>Waldo, que fas aí?</b>	
Pablo Seoane	7
<b>Cronoloxía</b>	23
<b>Camiñando</b>	33



---

## Waldo, que fas aí?

*Unha amiga congolesa que viaxou recentemente polo leste dos Estados Unidos coa redundante intención de vender motocicletas, contoume que en Laka, pequena vila costeira de Virxinia, case na raia con Carolina do Norte, na beira sul do río Vagor, pódese contemplar, labrada na peaña sobre a que se ergue a efixie en bronce dun varón de aspecto distraído, a inscrición:*

*“A Henry David Thoreau, patriota americano”.*

*Esta amiga, que estivera a mergullarse daquela na enorme poza de profecías, versos, inventarios, chinoiserie e honrada meditación que son os Diarios de Thoreau, confesoume que nunca lle resultara doado conciliar durante a lectura ao alegre infractor co transcendentalista envarado,*

*ao severo puritano co escritor bo e valente. E é difícil de verdade, porque hai moitos Thoreaus, paréceme. Quizais –diciá ela– deba aceptalo como é, coa indulxencia coa que desculpamos as fraquezas dun amigo. Ou talvez poidamos –pensaba eu e aínda o creo–, mesmo a risco de violentarmos o perfil canónico da súa obra, ficar co Thoreau que nos interesa e deixar o resto aos demócratas, aos verdes, aos Programas Universitarios de Escrita Creativa e até ao Tea Party. No que si concordamos ambos, malia o propio Henry (algún deles) e as hordas de telecinésicos boy-scouts que andan a corricar polo monte americano coreando o seu nome, é en que Thoreau nunca foi un patriota. E menos un patriota americano.*

*Henry tiña un fermoso e abertamente insensato plan co que pensaba librarse da Patria, as Institucións do Vello Mundo, a Cultura, a Literatura, a Confiianza sagrada na Linguaxe e catro ou cinco cousas máis. Soltar algo de lastro, vaia, mediante un proceso de adelgazamento, evacuación e esquecemento que habería de levalo a desembarazarse do superfluo para abrazar o insignificante. Simplicity, simplicity, simplicity. A tal fin, viña a dicir, é indispen-*



sábel desprazarse de maneira transversal, ou, por dicilo doutro xeito, camiñar describindo órbitas de cometa, parábolas, elipses, espirais, curvas sen retorno... Calquera cousa menos discorrer en liña recta. E sempre campo a través: “Os camiños son para os cabalos e os comerciantes” (p. 47), escribe. Unha das consecuencias deste singular comportamento é que ás veces non sabemos moi ben onde vai. Pero a vantaxe é que sempre sabemos cal non é o seu itinerario: “Podedes chamarlle América. Mais isto non é América”.

Librarse da linguaxe por medio da linguaxe —da linguaxe como teoloxía— é unha vella arela ilustrada que xa tivo egrexios practicantes (de Nietzsche a Beckett ou Proust) e venerábeis froitos que, porén, e aínda que amole recoñecelo, teñen deixado a linguaxe tal como estaba. A Thoreau tampouco lle entusiasma a herdanza recibida (e a quen si?): palabras ateigadas de confusa e falaz memoria que só rabuñan a superficie das cousas, enormes depósitos de necidade semántica aos que custa tanto subtraerse, “palabras inanes ou de pau, palabras como 'humanitario', que teñen unha parálise no rabo” (Diarios, 14 de xullo, 1852)<sup>1</sup>; nomes que non valen nada; e menos aínda os

*nomes propios: só os alcumes, exentos de vencello legal, son verdadeiros. Hai que nomealo todo de novo, di apelando aos indios, que non teñen un nome dado de nacemento: han de gañalo. Este é o Henry poeta, o megalómano, pero tamén o naturalista a quen apaixona o inventario. E, en todo caso: contra palabra, sintaxe.*

*Sexa como for e como amosan os seus Diarios, Thoreau tenta convocar as imaxes dunha mitoloxía refractaria á compravenda, un espazo historicamente imposíbel onde o mito xa non é Relixión e aínda non é Cultura. Comeza a tecer entón unha poética do Salvaxe co fío dun saber narrativo fundado na contradición, o paradoxo e o oxímoro que tanto incomodaba a Emerson, o seu “alelulleiro” mentor. Aplícase ao cultivo dunha ignorancia activa e finxe desprenderse da educación libresca e da Arte (ese pomposo friame ao que lle seguen medrando o pelo e as unllas). Entre os seus logros non menores figura o proxecto de fundación dunha Sociedade para a Difusión da Ignorancia Útil<sup>2</sup>.*

*Seguirlle o rastro a Thoreau demanda ver nel a un tipo capaz de pararse a escoitar o elemento silencioso do vexetativo<sup>3</sup>, de percibir o mundo no seu funcionamen-*

*to máis que na súa figuración. “Inutilmente soñamos co Salvaxe lonxe de nós mesmos. Non hai tal cousa. Son os lameiros no noso cerebro e nas nosas entrañas, o primitivo vigor da natureza en nós, o que inspira ese soño.” (Diarios IX, p. 43). O Salvaxe é para Thoreau o residual, o relegado, aquilo do que o poder aínda non puido tirar proveito gramatical ou económico e é quen, en consecuencia, de albergar formas de vida non gregaria ou non sabida, algo talvez emparentado coas psicotopografías de Hakim Bey<sup>4</sup>.*

*Tendo desertado do traballo, o comercio e a acumulación de cousas, Henry encoméndase a iso que adoitamos chamar “sentimento de aprobación incondicional da existencia” e a un exercicio da atención que nunca esmorece. Así, dobremente armado e sen mais impedimento, convértese nun teimudo xerador de relatos, ensaios, paradoxos, sermóns e epigramas, pero non de revelacións. Non hai nada que revelar, non hai caso, atrás do veo da Deusa agárdanos o noso propio rostro. Unha e outra vez volta a atención cara ao irrelevante e demórase con gusto en calquera cousa que non estea en perigo de ser internada ou extinguida nun museo.*

*O seu animal favorito é unha rata e as súas paraxes predilectas non son as tersas e interminábeis pradarias ou as numinosas fragas. Non: o seu paraíso son os lamazais. Os lamazais mefíticos. Alí é onde realmente ferve a vida. O espazo menos regulado e produtivo é onde se sente como na casa, onde sente “o ar doméstico do Salvaxe”, segundo as súas propias palabras. “Atopo máis sustento nas brañas que circundan a miña vila natal ca nos xardíns cultivados da cidade. (...) Si; podedes considerarme un home perverso, pero se me deran a escoller entre vivir nos arredores do xardín mais fermoso que teña concibido a arte humana ou nun lamazal insalubre, con toda seguridade escollería o lamazal.” (p. 69, 71)*

*Do outro lado, entón, parques e xardíns. Ou, como se di hoxe con eufemismo castrense, zonas verdes. O parque é a mala conciencia cidadá, conmemoración e fantasma da selva lembrada ou presentida, residencia de ionquis, aluados e suxeitos atravesados por unha pulsión erótica lesiva ou suicida, territorio tamén de nenos que xogan xeralmente ao fútbol ou a matarse baixo a ollada metálica dos pais da patria quen, á súa vez, por fin cumpren co*

*seu elevado destino de latrina e pombal. Os parques son a grotesca caricatura ou imitación capada do vivo salvaxe: indio en formol ou negro de Banyoles. Espazos que a cidade ofrece como farmakon aos mesmos deuses de sempre para expiar a súa tolemia.*

*E outros lugares maravillosos orixina aínda a cidade medrosa e culpábel, como os zoolóxicos, extravagantes institucións que prenden e fechan feras obrigadas a observar a uns seres humanos (non ao aveso, como comunmente se cre) que precisan ser contemplados cunha candura coa que os seus xa non se contemplan (fixérono algunha vez? Quizais o fan só cando caen baixo os efectos da paixón amorosa; e é entón cando van aos parques a seren asaltados). Para iso creáronse os zoos, hoxe case totalmente substituídos, en franca sintonía coa privatización reinante, pola tenencia e mostra ambulatoria desa sorte de can barallico, ese pequeno vampiro neumático que responde ao nome de Bulldog Francés.*

*É certo que non todos os mortos convertidos en estatua merecen o deshonoroso destino de ser un depósito de guano, pero a Industria Cultural cómeo todo sen mastigar e só*

*regurxita seriais egagrópilas en forma de patricios, personaxes petulantes e coléricos que teñen xa nome de praza ou instituto. Non lle falta razón a Žižek cando di que o preocupante non é a mercantilización da Cultura senón a culturización do Mercado<sup>5</sup>.*

*En calquera caso a cidade é a nosa selva. Ela contén o estupor dos encontros errados, as absurdas débedas insaldábeis e a consistente dor da angustia que non sabe falar. Pero tamén os claros rotos do vivir ben, sen medo e sen esperanza<sup>6</sup>. Seus son os nosos escourais e vertedoiros, e solares abandonados, e recantos de terreos impracticábeis, porque a regulamentación enxendra as súas sobras como o xardín o seu lamazal. Esa pequena cantidade que escapa ao afán decruador e definitorio parece quizais ao que Gilles Clement ten chamado a terceira paisaxe, “un lugar que non expresa poder nin submisión ao poder”, unha forma orixinada por desprendementos, desagregacións e esquecementos. Territorio ou maneira non necesariamente marxinal, pois está por todas partes. E aliméntase de incerteza<sup>7</sup>.*

*A cidade espalla sobre a só aparente remisión da lama o seu complexo trazado de cepos e tobeiras, subterráneos,*

*pontes, plástico e pasaxes, o furor radial dun sistema circulatorio que se volveu excesivo ou inadecuado para o corpo que o acolle e transformouno nunha desatada orxía de divisións, límites, números e leis das que ninguén ouvirá nunca falar; a cidade é o lugar no que a vida se nos perde en protocolo, e en ansias limiares. Todos vítimas da tobeira-cidade, non tanto do seu corpo como da lei das súas velocidades e a súa acústica, as súas obrigadas direccións, os seus interditos, a súa respiración.*

*E é tamén o escenario no que a Cultura ofrece ao suxeito as palabras coas que formular a súa identidade. Palabras despoxadas do seu xenuíno carácter profano e á forza vencelladas a o sagrado, quer dicir: ao medo<sup>8</sup>. Así, a cidadanía constrúese no aborrecemento do errante, ou mais concretamente, sobre a súa anulación ou sacrificio. A cidade aniquíla ao que pon en perigo a identidade dunha grea que reclama para si un territorio balizado, taxado e continuo sobre o que fincar o estandarte do mito da orixe repetido, ritualizado: o reiterativo refrán ansiolítico do Pobo e as súas Tradicións.*

*En tanto o errante, o camiñante, que é tamén o que se contradí ou marcha<sup>9</sup>, xera discontinuidades e ignora ceri-*

*monias, descobre desniveis, esborrancha a liña clara das fronteiras. Iso cando non guinda gatos mortos nos santuarios, a actividade que mais ten contribuído á liberación da mente humana, segundo o grande H.L. Mencken<sup>10</sup>. O errante, en suma, encarna o tabú do miasma, é el mesmo o lamazal, unha desorde celular no corpo do rabaño. “Unha sorte de cuarto estado, fóra da Igrexa, o Estado e o Pobo” (p. 36).*

*Agora, tampouco existe un discurso anxélico ou rendedor que nos permita volver á Natureza; é sabido que non hai tal cousa. O salvaxe non é unha natureza. A Ciencia e o Romantismo coinciden cada un ao seu xeito no empeño de presentar o natural como a instancia verdadeira do discurso, un discurso inocente que non oculta, nin mente, nin engana. Mais ningún discurso é de fiar. Toda linguaxe é unha mascarada coa que entretemos a falta de sentido. Pero tamén é a música inconcibíbel que nos inscribe no xogo maior onde cada un aposta o que non ten. Por se acaso, recomenda Henry, “non vexades co ollo da Ciencia, que é estéril, nin co da poesía nova, que é impotente”.*



*Se o modo clásico é aclarar a espesura, domar a bouza, urbanizar, ou encarrear o real, Thoreau circula a contramán, a súa alegría está precisamente no fragor singular, absurdo e sen barbear do real non encamiñado. Non organiza os seus pasos nun sistema nin desbota a indecisión, nin busca un sentido. Fracásanlle continua e alegremente os indicios, como a Proust<sup>11</sup>. Nin a memoria nin a Historia –a máis inxenua das literaturas, segundo Valéry– lle serven de moito: “Sobre todo, non podemos permitirmos o luxo de non vivir o presente. Abenzoado aquel entre os mortais que non perde un instante da súa vida fugaz en lembrar o pasado” (p. 100). Eis o espírito do Henry lucreciano ou horaciano, talvez nunca mellor retratado que nestas outras palabras do seu paisano e coetáneo Herman Melville:*

*“A carreira deste teimudo aventureiro ilustra ben a idea de que posto que todo asunto humano está suxeito a desorde orgánica, xa que é creado en e sostido por unha sorte de caos semidisciplinado, pois daquela, aquel que procura o éxito en grandes cousas non debe agardar nunca a que as augas veñan calmas; nunca viñeron e nunca*

*han vir; ao contrario, con todos os desaparellados medios de que dispoña, con todo o seu desarranxo, debe ocuparse de contado co seu propósito, deixando o resto na man da Fortuna” (Israel Potter, cap. XVIII, trad. nosa).<sup>12</sup>*

*Hai no noso Henry –o Thoreau dos lamazais, o que quería ser mal cidadán e bon veciño– un notábel talento para converter o fortuíto en necesario e para facer mofa do máis grave; delicadas rarezas que xa de por si valen un mundo. Dese espírito gozador e tráxico extrae a forza para chantar diante dos templos a súa estraña casoupa iluminada pola contradición. A súa obra –na súa acepción de casa en construción diante da que se paran os vellos sen présa, non na de secreción intelectual de artista que foi á escola–, a súa obra é tan só a rítmica exposición dun carácter como lugar de residencia. E ese carácter é o Salvaxe. Ou o extravió.*

*Hóspede transitorio do cárcere de Concord, acusado e culpábel dun famoso delito de insubmisión fiscal, Thoreau recibe a pronta visita de Ralph Waldo Emerson<sup>13</sup>. Froito dese encontro é esta maxistral miniatura dramática:*

*Emerson: Henry, que fas aí?*

Thoreau: *Waldo, a cuestión é: que fas ti aí?*

*A tradición mantén que este foi só o comezo do diálogo. Pero pode tamén ser que non se dixeran máis nada pois, ben mirado, que máis habería que dicir?*

Pablo Seoane

Abril de 2012, nas Brañas do Sar

## NOTAS

---

<sup>1</sup> *As citas que non son deste “Camiñando” son traducións nosas tiradas de The Writings of Henry David Thoreau, Boston, Houghton Mifflin, 1906 [20 vol.].*

<sup>2</sup> *O pretendido abandono dos libros é con frecuencia un clásico da impostura culta. Tamén Nietzsche, coa súa habitual mestura de retranca e alarmismo, propugnaba –por escrito e en libro– o biblioclasmo: acabar cos libros –despois de telos lido todos, claro– para alcanzar unha máis alta sabedoría carnal e silvestre. Pero hai tamén en Thoreau un xerme de verdade nesta desafección, expresado poucas décadas máis tarde con proverbial claridade polo seu conterráneo (e ao tempo veciño de Ávila) George Santayana: “Non se precisa un grande enxeño para descubrir a miña filosofía, só candura e coraxe. A erudición non libera aos homes da superstición mentres as súas almas estean acovardadas ou*

*perplexas; e, sen erudición, a ollada clara e a honesta reflexión poden chegar a comprender o mundo, e distinguir o gume da verdade da forza da imaxinación” (en Scepticism and Animal Faith –Esepticismo e fe animal–, Dover Publications, New York, 1955, p. 10; a tradución do fragmento é nosa).*

<sup>3</sup> *Expresión que usa Karl Kerenyi para referirse a un aspecto esencial da experiencia dionisiaca, moito mais valioso para o ensaísta húngaro que o máis estendido e mistificado do exceso e a embriaguez (en Dionisios. Raíz de la vida indestructible. Ed. Herder, Barcelona, 1998, trad. de Adan Kovaksics).*

<sup>4</sup> *De Hakim Bey podemos ler en galego TAZ. Zona temporalmente autónoma (Axóuxere Editora, Col. Clío, Rianxo 2011, trad. Manuel del Río e Pablo Varela Pet), e tamén Alén do turismo. A viaxe intencional (AR Publicacións, Compostela 2009, trad. Anxo Rabuñal).*

<sup>5</sup> *Slavoj Žižek, El frágil absoluto o ¿por qué merece la pena luchar por el legado cristiano?, ed. Pre-textos, Valencia 2002. Trad. Antonio Gimeno. P. 37 e ss.*

<sup>6</sup> *Pido desculpas de antemán por este insoportábel lorquismo, pero non deixa de ser curioso que a Esperanza cristiá sexa verde –como as zonas verdes– e o Medo –en Homero– tamén sexa verde. Dúas cruces da mesma triste moeda: o Futuro.*

<sup>7</sup> *Gilles Clément, Manifiesto del tercer paisaje, ed. Gustavo Gili, Barcelona, 2007.*

<sup>8</sup> *Escribe Rafael Sánchez Ferlosio: “Pero a la esencia de la palabra pertenece el ser profano. Es lo profano por excelencia. Por eso*

*mismo la sacralización es el medio específico adoptado por quienes quieren ampararse en ella, o sea –y aunque a primera vista parezca lo contrario–, defenderse de ella. La palabra sagrada ya no dice, no habla, no es más que letra muerta, voz muda, signo inerte; la sacralización sumerge toda la luz de significación en las tinieblas de la mera materia gráfica o sonora: materia ciega, pero segura y firme como un noray de amarre inconvencional. / La palabra sagrada apaga toda virtualidad significativa para adquirir poder performativo: no busca ser entendida, sino obedecida.” (en La hija de la guerra y la madre de la patria, Ed. Destino, Barcelona, 2002. pp. 93-94).*

<sup>9</sup> *Baudelaire decía, non lembro onde, que a Declaración dos Dereitos Humanos parecíalle moi ben, pero que esqueceran incluír nela o que para el eran dous dereitos imprescindíbeis: o de contradicirse e o de marchar. O andareiro poeta francés forma –xunta Robert Walser e Walter Benjamin– un trío –errante e salvaxe– insuperábel.*

<sup>10</sup> *H. L. Mencken (1880-1956), un dos maiores prosistas da literatura norteamericana, non está traducido ao galego, e escasamente ao portugués e ao castelán. Consecuencia talvez de non ter sido –ao igual que Huxley ou Ferlosio– un demócrata practicante de comunión diaria. A referencia está en The Vintage Mencken, Random House, New York, 1955, p.184.*

<sup>11</sup> *Marcel Proust –agradecido lector de Thoreau– fala en Contra Sainte-Beuve e en múltiples pasaxes de À la Recherche du temps perdu do naufraxio da memoria, da imposibilidade de*

*construir un pasado que teña un sentido e da felicidade que el tira dese fracaso, da mera manipulación dos restos, dos fragmentos. E do azar e do olvido como aliados. Ver tamén “Una imagen De Proust”, en Walter Benjamin, Imaginación y Sociedad. Iluminaciones I, trad. J. Aguirre, Madrid, Taurus, 1980.*

<sup>12</sup> *Herman Melville, Israel Potter, (Complete works, vol. III), Library of America, 1984, p.555.*

<sup>13</sup> *Para profundar sobre a cuestión da insubmisión de Thoreau, vid. Desobediencia civil e Vida sen fundamentos, Ed. Positivas, Santiago 2002, trad. Pablo Seoane.*

---

---

# Cronoloxía

- 1762 Rousseau publica *Do contrato social*.
- 1770 Nacen Hegel, Beethoven e Wordsworth.
- 1774 Luis XVI accede ao trono de Francia.
- 1775 George III, Rei de Inglaterra, declara ás colonias en estado de rebelión.
- 1776 O mes de xaneiro Thomas Paine publica *O Sentido Común*.  
O 11 de xuño elíxese unha comisión para redactar un proxecto de “Declaración de Independencia”, encabezada por Thomas Jefferson.  
O 4 de xullo asínase a “Declaración de Independencia dos EUA”.
- 1783 Fin da Guerra da Independencia.

- Tratado de Paz de París.
- 1787 O 17 de setembro asínase a Constitución dos EUA.
- 1789 Publícase *A interesante narración de Oludah Equiano ou Gustavo Vassa o africano, escrita por el mesmo*, a obra dun escravo.
- George Washington, 1º presidente dos EUA.
- O 14 de xullo cae en París a Bastilla.
- Comeza a Revolución Francesa.
- Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán.
- 1791 O 3 de marzo establécense impostos sobre o consumo de whisky.
- O 12 de decembro abre o banco dos EUA.
- O 15 de decembro son ratificados polo Congreso os primeiros artigos de emenda á Constitución.
- 1793 O 21 de xaneiro é executado Luis XVI.
- O 6 de abril comeza o chamado “Reinado do Terror”, que duraría aproximadamente un ano.
- 1795 Nacen o filósofo escocés Thomas Carlyle (un dos escritores favoritos de Thoreau) e o poeta inglés John Keats.



- 1799 O 9 de novembro Napoleón faise co goberno de Francia.
- 1801 Thomas Jefferson, terceiro presidente dos EUA.  
Nace o narrador Nathaniel Hawthorne, paisano e amigo de Thoreau e Emerson.
- 1803 Nace Ralph Waldo Emerson, amigo e mentor de Thoreau, e figura fundamental das letras norteamericanas do século XIX (entre outras cousas, por introducir en América a obra dos pensadores do Idealismo Alemán).
- 1804 Napoleón proclámase Emperador.
- 1805 O 2 de decembro Napoleón derrota a Rusia e Austria na batalla de Austerlitz.
- 1808 Madison, cuarto presidente dos EUA.
- 1811 Comeza o proceso de independencia das colonias portuguesas e españolas en América.
- 1812 Os EUA declaran a guerra a Gran Bretaña, a chamada “Guerra do Doce”.
- 1815 Napoleón sofre a derradeira derrota en Waterloo.
- 1817 Nace Henry David Thoreau (na verdade, David Henry; mais adiante daríalle a volta ao seu

- nome) o 12 de xullo en Concord, Massachusetts, de John Thoreau e Cynthia Dunbar.
- 1830 Nace a poeta norteamericana Emily Dickinson.
- 1831 Carlyle publica o seu *Sartor Resartus. Vida e opinións de Herr Teufelsdröck*.
- 1835 O liberal francés Alexis de Tocqueville publica *A Democracia en América*.
- 1837 Thoreau abandona Harvard.  
Carlyle publica *A Revolución Francesa*.  
Emerson publica *O Sabio Americano*.
- 1840 Proudhon publica *Que é a propiedade?*
- 1841-43 Thoreau instálase en casa de Emerson.
- 1842 Nace P. Lafargue, autor d' *O Dereito á Preguiza*.
- 1844 Nace Friedrich Nietzsche, futuro e apaixonado lector de Emerson.
- 1845 O 4 de xullo Thoreau traslada a súa residencia a unha cabana –construída por el mesmo– na beira da lagoa de Walden.  
En decembro comeza a guerra de México.  
Douglas publica *Relato da vida de Frederick Douglass, escravo americano*.

- 1846 Henry pasa unha noite na cadea –en Concord– por negarse a pagar impostos a un goberno escravista e imperialista.
- 1847 O 6 de setembro Thoreau dá por terminada a súa estadía en Walden.  
Karl Marx e Friedrich Engels publican o *Manifiesto Comunista*.
- 1848 O 2 de febreiro, polo tratado de Guadalupe-Hidalgo, México vese obrigado a entregar aos EUA a metade do seu territorio.  
Thoreau comeza a dar conferencias.  
20 de xullo, Declaración de Seneca Falls, acto inaugural do feminismo nos EUA.  
Revolucións liberais e nacionais en Italia e Alemaña.
- 1849 Thoreau publica *Desobediencia Civil* –onde, entre outras cousas, explica os motivos da súa in-submisión fiscal– e *Unha semana nos ríos Concord e Merrimack*.
- 1851 O 23 de abril, primeira lectura pública de *Walking, or the Wild*.  
Herman Melville publica *Moby Dyck* e dous anos

- mais tarde o relato doutro ilustre reticente: *Bartleby o Escribán*.
- 1854 Thoreau publica *Walden* –a súa obra mais celebrada– e *Escravidude en Massachussets*.
- 1855 Primeira edición de *Follas de Herba*, de Walt Whitman.
- 1856 Flaubert publica *Madame Bovary*.
- 1857 En casa de Emerson, Thoreau coñece ao proscriuto abolicionista John Brown, que morrería dous anos mais tarde na forza. Thoreau gaba por escrito e (en lecturas públicas) nos estrados as súas accións –ilegais– e o seu valor.
- En Paris Baudelaire publica *As flores do Mal* e é procesado por atentar contra a moral pública.
- 1859 Aparecen o ensaio de John Stuart Mill *Sobre a Liberdade* e *A orixe das especies*, de Charles Darwin.
- 1861 Abraham Lincoln, presidente ata 1865.
- Comeza a Guerra Civil –ou de Secesión– norteamericana (en boa medida tendo como causa a cuestión da escravitude).
- 1862 O 6 de maio morre Thoreau aos 44 anos de idade.

- Publícase *Walking*.
- 1863 Publícanse *Vida sen Fundamento e Excursións* e, ao ano seguinte, *Os bosques de Maine*.
- 1864 Créase a “Asociación Internacional de Traballadores”.
- 1865 Acaba a Guerra de Secesión coa derrota do sur. O 18 de decembro adquire validez o artigo número 13 de emenda á constitución de 1787, que di: “Nin nos EUA nin en calquera lugar suxeito á súa xurisdición, haberá escravitude nin traballo forzado, excepto como castigo dun delito do que o responsábel teña quedado debidamente convicto”.
- 1900 Mahatma Gandhi le *Desobediencia civil*.



**CAMIÑANDO**





---

Gustaríame dicir unhas palabras a prol da Natureza, a prol da liberdade e o estado salvaxe absolutos, en contraposición a unha liberdade e unha cultura simplemente civís; considerar ao home como habitante, como unha parte integrante da Natureza, máis ca un membro da sociedade. Quixera facer unha declaración radical, se se me permite a énfase, pois xa hai campións da civilización abondos: o crego, o consello escolar e cada un de vós farédesvos cargo dela.



Ao longo da miña vida só atopei unha ou dúas persoas que comprendesen a arte de Camiñar –ou sexa, de andar a pé– que tivesen, por así dicilo, o xenio do *sauntering*<sup>1</sup>, termo fermosamente derivado das “persoas ociosas que erraban polo país, na Idade Media, e pedían esmola co pretexto de iren *à la Sainte Terre*”, á Terra Santa; e a quen os cativos berraban: “Velaí vai un *Sainte-Terrer*”, un Saunterer, un da Terra Santa. Os que nunca van á Terra Santa nas súas andainas, como aparentan, son simples nugalláns e vagos; mais aqueles que van son saunterers no senso positivo, no que eu lle dou. O certo é que algúns derivan a palabra de *sans terre*: sen terra nin fogar; o que nese senso positivo quere dicir: sen fogar en particular, mais sentíndose por igual no seu fogar en calquera lugar. Pois é este o segredo que atinxe un auténtico “sauntering”. O que está sentado sempre na casa pode ser o maior vago de todos, mais o “saunterer”, no senso positivo, non o é máis que o río sinuoso, cuxo propósito permanente é encontrar o camiño mais directo para chegar ao mar. Eu

prefiro a primeira etimoloxía, que é a máis probábel. Porque toda andaina é unha especie de cruzada que algún Pedro “o Ermitán”<sup>2</sup> predica dende os nosos adentros para facernos avanzar e reconquistar esa Terra Santa das mans dos infieis.

É certo que hoxe en día non somos senón cruzados de corazón feble; mesmo os camiñantes, que non perseveramos nas interminábeis empresas que encetamos. As nosas expedicións son só pequenos paseos e regresamos á noitiña ao pé da vella lareira da cal nos apartáramos. A metade da xornada é para desandar o camiño percorrido. Deberíamos, talvez polo camiño máis curto, adentrarnos máis no espírito da eterna aventura, e nunca regresar, dispostos a enviar de volta aos nosos desolados reinos, como reliquias, os nosos corazóns embalsamados. Se estás preparado para deixar pai e nai, irmán e irmá, esposa, fillo, e amigos, e a nunca máis velos; se tes saldado as túas débedas, feito testamento, deixado en orde os negocios, e se es un home libre, entón estás listo para camiñar.

Cinxíndome á miña propia experiencia, meu compañeiro e mais eu –pois ás veces levo un compañeiro– divertímonos en nos imaxinar cabaleiros dunha nova, ou mellor, dunha vella orde: non é a dos Équites ou Chevaliers, nin a dos Ritters nin Riders<sup>3</sup>, senón a dos Camiñantes, unha categoría aínda máis antiga e honorábel, espero. O espírito cabaleiresco e heroico que outrora pertenceu ao Cabaleiro parece residir agora, ou talvez recaer, no Camiñante: non o Cabaleiro, senón o Camiñante Andante. Unha sorte de cuarto estado, fóra da Igrexa, o Estado e o Pobo.

Decatámonos de que polos arredores apenas nós practicamos esta nobre arte; aínda que, sendo sinceros, á maioría dos cidadinos, se confiamos no que din, gustaríalles moito camiñar de cando en vez como fago eu, mais non poden. Ningunha fortuna é capaz de comprar o tempo libre requirido, a liberdade e a independencia que constitúen o capital desta profesión. Son cousas que só se obteñen pola graza de Deus. Para facerse camiñante é neces-

ria unha dispensa directa dos Ceos. É preciso que pertenzades á familia dos Camiñantes. *Ambulatur nascitur, non fit*<sup>4</sup>. Ben é certo que varios dos meus concidadáns poden lembrar, e téñenme descrito, algunhas andainas que fixeron hai dez anos e nas que tiveron a felicidade de se perderen no bosque durante media hora. Mais sei moi ben que se limitaron sempre a camiñar pola estrada principal, malia as pretensións que teñan de pertencer a esta clase selecta. Non hai dúbida de que por un momento se entusiasmaron polas reminiscencias dun estado previo de existencia, no que mesmo eles foron habitantes dos bosques e proscritos.

*Cando entrou na verde floresta*

*Nunha xovial mañá*

*Os leves chíos ouviu*

*De alegres paxaros a cantar.*

*Hai moito tempo aquí, dixo Robin,*

*Estiven eu un día;*

*Detívenme entón a disparar*

*Á corza fuxidía.<sup>5</sup>*



Coido que non podería conservar a saúde e o espírito sen pasar mínimo catro horas ao día –e o habitual é que pase máis– vagando por bosques, lombas e campos, absolutamente alleo a toda atadura mundana. Podedes dicirme sen risco: “un penique polo que pensas”, ou mil libras<sup>6</sup>. Cando lembro ás veces os artesáns e os tendeiros que pasan non só toda a mañá nos seus postos, senón tamén toda a tarde, moitos deles de pernas cruzadas –como se as pernas foran feitas para sentármonos sobre elas e non para erguérmonos e camiñar– parécenme merecedores de louvanza por non teren practicado o suicidio dende hai tempo.

Eu, que non podo ficar na casa un só día sen enferruxarme, e que ás veces teño roubado tempo para dar un paseo ás once, ou ás catro, demasiado

tarde xa para amortizar a xornada, cando as sombras da noite comezan a mesturárense coa luz do día, téñome sentido como se cometera un pecado que debo expiar: confeso que me abraia a capacidade de resistencia, por non falar da insensibilidade moral, dos meus veciños, que se confinan en tendas e oficinas o día enteiro e así durante semanas, meses e anos, case seguidos. Non sei de que materia están feitos, sentados aí agora, ás tres da tarde, como se fosen as tres da madrugada. Bonaparte pode falar do valor das tres da madrugada<sup>7</sup>, mais iso non é nada perante o valor do que pode sentarse alegremente a esa hora da tarde fronte a si mesmo, con quen se estivo a tratar toda a mañá, tentando render por fame a unha guarnición á que lle ligan fortes lazos de simpatía. Marabíllame o feito de que a esa hora, entre as catro e cinco da tarde, demasiado tarde para os xornais matutinos e moi cedo para os vespertinos, non haxa unha explosión xeneralizada que se faga ouvir de punta a punta da rúa e que espalle aos catro rumbos unha lexión de tolerías e

ideas anticuadas e vulgares para que así, aireándose, o mal se poida curar.

Cómo poden aturar as mulleres, que permanecen na casa máis ca os homes, tal situación é algo que descoñezo. Mais teño fundamentos para conxectar que a meirande parte non a *atura* en absoluto. Cando, a primeira hora dunha tarde de verán, sacudimos da faldra dos nosos traxes o po da vila, mentres pasabamos veloces diante de casas de auténtica fachada gótica ou dórica que suxerían un ar de abandono, o meu compañeiro bisbillou que a esas horas os seus moradores xa estarían deitados. É nesas horas cando aprecio a beleza e a gloria da arquitectura, que nunca se recolle, senón que sempre está cara a fóra, erguida, velando aos que dormen.

É certo que o temperamento e, sobre todo, a idade inflúen moito no asunto. A medida que un home avellenta aumenta a súa capacidade de levar unha vida sedentaria, traballando na casa. Vólvese vespertino nos seus hábitos cando se vai aproximando á noite da vida, até que, finalmente, só sae un pouco



antes do solpor e, en media hora, dá todas as voltas que precisa.

Mais o camiñar do que falo nada ten que ver con facer exercicio, como se soe dicir, así como os doentes toman a súa menciña a determinada hora, ou así como se balancean as pesas e o bambán; senón que é de seu a aventura do día. Se quixerdes ter exercicio, ide na procura das fontes da vida ¡Pensar nun home levantando pesas para manter a saúde, cando esas fontes están burbullando en afastados prados aos que nin se achegou...!

Máis aínda, tes que andar como un camelo, que, como soe dícirse, é a única besta que rumía mentres camiña. Cando un viaxeiro pediu á criada de Wordsworth que lle mostrara o estudo do seu patrón, ela retrucou: “Eis a súa biblioteca, mais o seu estudo está ao ar libre”.

Vivir moito ao ar libre, ao sol e ao vento, produce sen dúbida unha certa aspereza de carácter, xera unha cutícula espesa que cobre as máis belas calidades da nosa natureza, como no rostro e nas

mans, do mesmo xeito en que un rigoroso traballo manual lles quita algo do seu delicado tacto. Ficar na casa, por outra banda, pode producir suavidade e aveludamento, por non dicir finura da pel, acompañado dunha sensibilidade acrecentada para certas impresións. Quizais fósemos máis sensíbeis a algunhas influencias importantes para o noso desenvolvemento intelectual e moral se o sol tivese brillado menos para nós e tamén menos tivera soprado o vento; e non hai dúbida de que é unha boa cuestión determinar a proporción correcta entre a pel grosa e a pel fina. Mais paréceme que se trata dunha costra que desaparece coa maior facilidade, e que o remedio natural pode encontrarse na proporción que a noite mantén co día, o inverno co verán, o pensamento coa experiencia. Haberá moito máis ar e luz do sol nos nosos pensamentos. As mans calosas do traballador están máis familiarizadas cos finos tecidos da dignidade e do heroísmo, cuxo tacto emociona o corazón, do que os dedos lánguidos da ociosidade. Só a sensiblería pasa o día na cama

contemplándose limpa a si mesma e afastada da pel morena e calosa da experiencia.

Cando camiñamos, naturalmente imos aos campos e bosques: Que sería de nós se só camiñásemos por un xardín ou por unha área comercial? Incluso algunhas seitas de filósofos sentiron a necesidade de traer para si os bosques, xa que os bosques non ían. “Plantaban arboredos e paseos de plátanos” onde daban *subdiales ambulationes*<sup>8</sup> en pórticos ao ar libre. Por suposto, de nada vale dirixir para os bosques os nosos pasos, se non nos levan até alá. Fico alarmado cando acontece que camiño fisicamente unha milla nos bosques sen facelo en espírito. No meu paseo vespertino, gústame esquecer enteiramente as ocupacións da mañá e as miñas obrigas sociais. Mais ás veces sucede que non podoo librarne facilmente da vila. Os pensamentos dalgún traballo pasan pola miña mente e eu non estou onde está o meu corpo: fico á parte dos meus sentidos. Gustaríame retornar a eles. Que fago nos bosques, se estou a pensar en cousas alleas? Sospeito de min e non podoo evitar un

arrepío cando me atopo así abstraído, mesmo se é no que chamamos boas obras, como ás veces acontece.

A miña veciñanza ofrece moitos paseos magníficos; e aínda que durante moitos anos teño camiñado case a diario, e ás veces durante varios días, aínda non os esgotei. Unha perspectiva completamente nova é unha grande alegría, e sigo atopándoa cada tarde. Dúas ou tres horas de camiño lévanme a unha zona tan descoñecida como as que sempre espero atopar. Unha simple granxa da que non me decatara antes resulta ás veces tan magnífica coma os dominios do rei de Dahomey. A verdade é que se pode descubrir unha especie de harmonía entre as posibilidades da paisaxe nun radio de dez millas –os límites dunha andaina vespertina– e a totalidade dunha vida humana. Nunca chegarás a coñecelas por completo.

Actualmente case todos os avances do home, por así chamalos, como a construción de casas e a tala dos bosques e as árbores de gran tamaño, simplemente deforman a paisaxe, e fana cada vez máis do-

mesticada e vulgar. Ah! Un pobo que comezase por destruír os valos e deixase intactos os bosques...! Vin os valados medio queimados, os seus restos perdidos na pradería, e un miserábel home mundano albiscando os límites cun agrimensor, mentres o ceo se despregaba ao seu redor e el non podía ver os anxos indo daqui para aló, porque procuraba un vello buraco no medio do paraíso. Ollei de novo, e vino en pé no medio dunha lamacentá Lagoa Estixia, arrodeado de demos; e encontrou a linde sen ningunha dúbida, tres pedriñas alí onde estivera chantada unha estaca; e ollando máis de preto, vin que o Príncipe das Tebras era o seu agrimensor<sup>9</sup>.

Podo camiñar tranquilamente dez, quince, vinte ou calquera outra cantidade de millas dende a miña propia porta, sen pasar por ningunha casa, sen cruzar un camiño agás o que trazan a denosiña e o raposo: primeiro pola ribeira do río, logo polo regato, e despois polo prado e o límite do bosque. Hai moitas millas cadradas na miña veciñanza que están deshabitadas. Dende o alto de moitos outeiros podó

ver a civilización e as casas dos homes ao lonxe. Os labregos e o seu traballo son pouco máis perceptíbeis cós leiróns e as súas tobeiras. O home e os seus negocios: igrexa, estado e escola, os oficios e o comercio, a industria e mais a agricultura, e mesmo a política, o máis alarmante de todos. Comprácame ver o pouco espazo que ocupan na paisaxe. A política non é máis ca un estreito campo ao que conduce un camiño aínda máis estreito. Ás veces encamiño alí ao viaxeiro. Se queres ir ao mundo da política segue a estrada grande, segue ao comerciante, traiga o po que levanta, e levarache dereito alí; porque tamén ese mundo é limitado, non o ocupa todo. Eu paso por diante del como por diante dun campo de fabas no bosque e o esquezo. En media hora podo chegar a algún lugar da superficie terrestre que non teña pisado ningún pé humano durante un ano e onde, xa que logo, non hai política, que é apenas como o fume do cigarro dun home.

A vila é o lugar ao que levan as estradas, unha especie de extensión da estrada principal, como

un lago con respecto do río. É o corpo do que as estradas son os brazos e as pernas: un lugar trivial ou cuadrivial<sup>10</sup>, o camiño común e ordinario dos viaxeiros. A palabra vén do latín *villa* que, xunto con *via* –camiño– ou, mais remotamente, *ved* e *vella*, Varrón<sup>11</sup> deriva de *veho* –conducir–, porque a vila é o lugar dende e para o cal as cousas son levadas. Os que gañaban a vida de arrieiros eran chamados *vellaturam facere*<sup>12</sup>. Daí vén tamén, presumibelmente, o vocábulo latino *vilis* e os nosos “vil” e “vilán”. O que suxire o tipo de dexeneración co que se asociaba aos vilegos, exhaustos polo trafego que pasaba a través e por riba deles sen eles viaxaren.

Algúns non camiñan en absoluto; outros camiñan pola estrada principal; uns poucos a través das leiras. Os camiños son para os cabalos e os comerciantes. Eu non adoito andar moito por eles, comparativamente, posto que non levo présa por chegar á taberna, tenda, estrebaría ou almacén ao que conducen. Son un bo cabalo para viaxar, mais non escoollería a estrada. O paisaxista utiliza figuras de homes

para indicar unha estrada. A miña non lle serviría para iso. Eu saio para internarme na natureza como os vellos profetas e poetas, Manu<sup>13</sup>, Moisés, Homero, Chaucer. Podedes chamarlle América, mais isto non é América: nin Américo Vespucio, nin Colón, nin os demais a descubriron. Hai máis verdade sobre ela na mitoloxía que en calquera pretendida historia de América, polo que teño visto.

Porén, hai unhas poucas estradas antigas que poden ser pisadas con proveito, como se levasen a algures, agora que están case cortadas. Está a Vella Estrada de Marlborough, que xa non leva a Marlborough, penso, a menos que se chame Marlborough o lugar onde ela me leva. Se me atrevo a falar disto é porque supoño que hai unha ou dúas en cada cidade.

## **A vella estrada de Marlborough**

Onde outrora polo diñeiro cavaron,  
Mais nunca ren atoparon;



Onde, en tempos, marciais millas  
En simples ringleiras corrían,  
Elijah Wood tamén,  
Inutilmente, porén.  
Non queda home afouto,  
Agás Elisha Dugan, non outro.  
Ouh! Home de hábito bravo,  
Entre perdiz e coello chantado,  
Que non coida senón  
Máis cós seus vellos ichós  
Que vive só e ditoso  
Así, pegado aos seus ósos.  
Alí onde máis doce é a vida  
E abonda sempre a comida.  
Cando a primavera o meu sangue excita  
Co instinto de viaxar  
Grava abondo hei atopar  
Onda a vella estrada de Marlborough fica.  
Ninguén a vai arranxar,  
Pois xa ninguén vai andar;  
Mais é un camiño vital,

Como di o bo cristián.  
Non son moitos aqueles  
Que entran alí,  
Apenas os convidados  
Do irlandés Quin.  
¿Que é iso, que é iso  
máis ca a dirección a un lugar  
E o posíbel viso  
de até aló algún día chegar?  
Grandes placas de pedra,  
Sen viaxeiro que as lea:  
Cenotafios das vilas que hai no camiño  
Cuxos nomes fican aínda esvaídos.  
Paga a pena para diante seguir  
Para ver até onde un podería ir.  
Que rei quixo  
Tal cousa e a fixo?  
Pregunto para min sobre iso.  
Como e cando a fundou,  
E con que conselleiros contou?  
Gourgas, Lee,

Clark ou Darby?  
Esforzáronse a reo  
Por que fora algo eterno.  
Esvaídas táboas de pedra,  
Onde o viaxeiro laiarse quixera,  
E nunha frase apenas gravar  
O aprendido no seu camiñar,  
Para que outros que pasen o lean  
Se a necesidade súa é extrema.  
Unha ou dúas liñas talvez  
Teño eu que poderían valer,  
Literatura que ficar podería  
Nesta terra, sobre a pradería.  
Palabras doadas que lembro  
Se eu quixer o próximo decembro,  
E outra volta na primavera,  
Logo que a neve desxea.  
Se coa imaxinación esfaldrada  
Deixárate ir de rodada,  
Percorrerías o mundo arredor  
Pola vella estrada de Marlborough.

Actualmente, a meirande parte da terra desta rexión non é de propiedade privada; a paisaxe non pertence a ninguén e o camiñante goza de relativa liberdade. Mais é posíbel que chegue o día no que a terra sexa compartimentada niso que chaman parques de lecer<sup>14</sup>, que só uns poucos poderán gozar dun xeito restrinxido e exclusivo; cando se teñan multiplicado os valados e os cepos, e outros enxeños inventados para confinar aos homes na estrada *pública*, e camiñar sobre a superficie da terra de Deus sexa interpretado como unha invasión dos terreos dalgún fidalgo. Gozar algo exclusivamente implica habitualmente excluírse a un mesmo do seu gozo real. Aproveitemos as nosas oportunidades antes de que eses terríbeis tempos cheguen.



Que é o que fai ás veces tan difícil decidir cara a onde camiñar? Creo na existencia dun magnetismo sutil na natureza, o cal, se cedemos inconscientemente,

nos levará ao camiño acertado. O camiño que tomemos non é indiferente. Hai un correcto, mais habitualmente deixámonos levar pola negligencia e a estupidez e escollemos o errado. Gustaríanos seguir ese camiño, que nunca encetamos neste mundo real, símbolo preciso do que ansiamos percorrer no mundo ideal e interior; e ás veces, sen dúbida, é difícil escoller a nosa dirección, porque aínda non discernimos claramente no noso pensamento.

Cando saio da casa para dar un paseo, aínda indeciso en canto á dirección que os meus pasos deberán tomar, e someto a decisión ao meu instinto, descubro que, por estraño que pareza, final e inexorablemente me dirixo cara ao sudoeste, cara a algún bosque concreto, ou prado, ou campo abandonado, ou outeiro que haxa nesa dirección. A miña búsola é lenta para situarse: varía algúns graos e non sempre apunta rigorosamente ao sudoeste, é certo, e ten un criterio propio para esa variación, mais sempre acaba por colocarse entre o oeste e o sudoeste. O futuro sinálame esa senda, e a terra semella menos

explorada e máis rica daquela beira. A liña que per-  
filarían os meus paseos non sería un círculo, senón  
unha parábola, ou mellor, unha desas órbitas co-  
metarias que se consideran curvas de non retorno,  
abríndose neste caso cara ao oeste, onde a miña casa  
ocuparía o lugar do sol. Ás veces dou voltas e voltas  
sen resolver nada durante un cuarto de hora, até  
que decido, por milésima vez, camiñar en dirección  
oeste ou sudoeste. Cara ao leste, só vou forzado,  
nada teño que facer alá; mais cara ao oeste vou de  
boa vontade. Nada teño que facer aló. Cústame crer  
que poida encontrar belas paisaxes ou suficiente na-  
tureza salvaxe e liberdade para alén do horizonte  
oriental. Non me entusiasma a perspectiva de cami-  
ñar cara aló; porén, coido que o bosque que vexo  
no horizonte occidental se estende ininterrompida-  
mente cara ao sol poñente, e que non hai alí vilas  
nin cidades capaces de turbaren a miña tranquilida-  
de. Deixádmeme vivir onde me prouguer. Desta beira  
temos a cidade, da outra a natureza salvaxe, e cada  
vez máis deixo a cidade para retirarme ao estado sal-

vaxe. Non insistiría tanto neste asunto se non tivese a crenza de que a algo semellante é ao que tenden os meus paisanos. Debo camiñar cara a Oregón e non cara a Europa. Nese mesmo sentido móvese a nación e podo afirmar que a humanidade avanza de leste para oeste. Testemuñamos nestes últimos anos, na colonización de Australia<sup>15</sup>, o fenómeno dunha migración ao sueste; mais este preséntasenos como un movemento retrógrado e, a vulgar polo carácter moral e físico da primeira xeración de australianos, aínda non se demostrou como unha experiencia exitosa. Os tártaros orientais cren que nada existe alén do Tibet cara ao occidente. “O mundo remata alí”, afirman; “Para alén non existe nada senón un mar infindo”. Viven no máis absoluto oeste.

Nós imos ao leste para comprender a historia e estudar as obras de arte e literatura, refacendo os pasos da nosa estirpe; para o oeste, dirixímonos como cara ao futuro, con espírito de emprendemento e aventura. O Atlántico é o río Leteo<sup>16</sup>, atravesando o cal tivemos a oportunidade de esquecer

o vello mundo e as súas institucións. Se esta vez non temos éxito, quizais haxa á esquerda outra posibilidade para a nosa estirpe, antes de atinxir a ribeira da Estixia: no Leteo do Pacífico, cuxa largura é tres veces maior.

Ignoro o significado que pode ter, ou até que punto é unha evidencia de singularidade, que un individuo coincida nos seus paseos máis insignificantes co movemento xeral da súa estirpe. Mais sei que algo semellante ao instinto migratorio dos paxaros e dos cuadrúpedes –que nalgúns casos, como sabemos, afecta á familia dos esquíos impeléndoo a unha migración xeralizada e misteriosa na que, segundo din algúns, se teñen visto atravesando os ríos máis anchos en cadanseus cavacos, a cola erguida a guisa de vela, e facendo pontes cos corpos dos compañeiros mortos para atravesar os regatos máis estreitos–; que algunha cousa como o *furor* que afecta na primavera ao gando doméstico, e que se atribúe a un verme aloxado no rabo, afecta tanto ás nacións como aos individuos, quer permanentemente, quer



de tempo en tempo. Non é que gralle un bando de gansos salvaxes sobre a nosa cidade, mais, até certo punto, afecta ao valor da propiedade inmobiliaria local e, se eu fose axente, tería en conta esta molestia.

*Daquela o pobo comeza a peregrinación.  
e os seus romeiros buscan estraños lugares.<sup>17</sup>*

Cada solpor que contemplo inspírame o desexo de ir cara a un oeste tan distante e fermoso como aquel tras do cal o sol se esconde. Un sol que semella migrar diariamente para aló e téntanos a seguilo. É o Pioneiro do Grande Occidente, ao que todas as nacións seguen. Soñamos toda a noite con ese perfil de montañas no horizonte, feitas só de vapor, que son as derradeiras que o sol dourou. A illa da Atlántida e as illas e xardíns das Hespérides<sup>18</sup>, unha sorte de paraíso terrestre, parecen ter sido o Grande Oeste dos antigos, envolveito en misterio e poesía. Quen non terá visto coa imaxinación, contemplan-

do o ceo crepuscular, os xardíns das Hespérides e a orixe de todas aquelas fábulas?

Colón sentiu a forza que o impulsaba cara ao oeste con maior intensidade do que calquera persoa anteriormente. Obedeceuna e descubriu un Novo Mundo para Castela e León. O rabaño humano naqueles días sentiu ao lonxe o arrecendo de frescos pasteiros.

*E entón o sol alongou a sombra dos outeiros,  
E logo se mergullou na baía do oeste;  
Ao cabo ergueuse, arrastrando o azul manto;  
Mañá a verdes bosques e tenros pastos.<sup>19</sup>*

¿En que parte do globo pode encontrarse unha área de igual extensión da ocupada polo conxunto dos nosos estados, tan fértil, tan rica e variada nos seus produtos e onde, ao mesmo tempo, tan ben se adaptan os europeos? Michaux, que só coñecía unha parte, afirma que “as especies de grandes árbores son moito máis numerosas na América do

Norte que en Europa; nos Estados Unidos existen máis de cento corenta especies que superan os trinta pés de altura; en Francia apenas existen trinta que atinxan este tamaño”. Botánicos posteriores corroboran as súas observacións. Humboldt veu a América para verificar os seus soños de adolescente sobre a vexetación tropical e contemplouna, na súa perfección suprema, nas florestas primitivas do Amazonas, a selva máis xigantesca da terra, que con tanta elocuencia describiu. O xeógrafo europeo Guyot vai máis aló, alén da miña disposición de seguilo, agás cando afirma: “Así como a planta está feita para o animal e o mundo vexetal para a fauna, América está feita para o home do Vello Mundo... O home do Vello Mundo segue o seu camiño. Partindo das mesetas de Asia, descende de etapa en etapa cara a Europa. Cada un dos seus pasos está marcado por unha nova civilización superior á anterior, por unha maior capacidade de desenvolvemento. Chegando ao Atlántico, fai unha pausa ás marxes dese océano descoñecido, cuxos límites descoñece, e volve sobre

os seus pasos por un intre”. Unha vez explotado o rico solo da Europa e recuperadas as forzas, “recomeza entón a súa aventura, dirixíndose cara ao oeste, como en épocas anteriores”. Até aquí, Guyot<sup>20</sup>.

Dese pulo occidental, en contacto coa barreira do Atlántico, naceron o comercio e o emprendemento dos tempos modernos. O xove Michaux, en *Viaxes ao oeste dos Alleghanies en 1802*, di que a pregunta común no recién colonizado oeste era: “*De que parte do mundo vindes?*”, como se esas rexións vastas e fértiles fosen por natureza o lugar de reunión e patria común de todos os habitantes do globo”.

Podería dicir, empregando unha palabra latina obsoleta: *Ex Oriente lux; ex Occidente FRUX*. Do Leste, a luz, do Oeste, os froitos.

Sir Francis Head, viaxeiro inglés e gobernador xeral do Canadá, cóntanos que "a natureza do Novo Mundo en ambos os hemisferios, setentrional e meridional, non só deseñou as súas creacións a maior escala, senón que pintou todo o cadro con cores máis brillantes e suntuosas das que empregou para

a delineación e embelecemento do Vello Mundo... Os ceos da América semellan infinitamente máis altos e máis azuis, o ar máis fresco, o frío máis intenso, a lúa parece maior, as estrelas máis escintilantes, o trebón é máis profundo, o lóstrego máis vívido, o vento máis rexo, a choiva máis forte, máis elevadas as montañas, máis longos os ríos, os bosques máis vastos, máis amplas as chairas". Este relatorio servirá polo menos para confrontar o de Buffon sobre esta beira do mundo e as súas producións<sup>21</sup>.

Xa hai moito Linneo<sup>22</sup> afirmou: "Nescio quæ facies læta, glabra plantis americanis" (Hai un aquel de alegre e suave no aspecto das plantas americanas); e eu coido que nesta terra non existen, ou existen poucas, *Africanæ bestiaë*, feras africanas, como as chamaban os romanos, o que a fai magnífica, tamén nese aspecto, para o habitar do home. Contáronnos que a tres millas do centro da cidade de Singapur, na India oriental, os tigres levan anualmente a algúns dos seus habitantes; en cambio, o viaxeiro pode deitarse á noite nos bosques de case

todas as rexións de América do Norte sen medo das feras salvaxes.

Son alentadores estes testemuños. Se a lúa aquí parece maior que na Europa, probabelmente o sol tamén o parece. Se os ceos da América semellan infinitamente máis altos e as estrelas máis escintilantes, confío en que iso é símbolo da altura que a filosofía, a poesía e a relixión dos seus habitantes pode acadar algún día. Quizais o ceo inmaterial chegue a parecerlle, por fin, moito máis alto á mentalidade americana, e as insinuacións das súas estrelas, de maior intensidade. Porque son dos que cren que o clima influencia ao home, e que existe algo no ar das montañas que nutre o espírito e o inspira. Aca-so non se desenvolverá intelectual e fisicamente o home con maior perfección baixo tales influencias? Ou é irrelevante o número de días anubrados ao longo da súa vida? Confío en que seremos tan imaxinativos, que os nosos pensamentos serán tan lúcidos, tan frescos e tan etéreos coma os nosos ceos; o noso entendemento tan comprensivo e amplo coma

as nosas chairas; o noso intelecto, en termos xerais, dunha escala maior, coma os nosos trebóns e lóstregos, os nosos ríos, montañas e bosques; e os nosos corazóns tamén han de corresponderse, en extensión, profundidade e grandeza, aos nosos mares interiores. Talvez o viaxeiro aprecie algo, un aquel de *læta* e *glabra*, de gozoso e sereno, nas nosas propias faces. Ao final, cal é o destino do mundo, e por que foi descuberta América? Aos americanos, non é preciso responderlles:

“Cara ao oeste se dirixe a estrela do imperio”.<sup>23</sup>

Como un verdadeiro patriota, tería vergoña de pensar que adán no paraíso tivese unha situación máis favorábel ca o máis humilde campesiño deste país.

As nosas simpatías en Massachusetts non se limitan a Nova Inglaterra; aínda que esteamos distantes do sul, simpatizamos co oeste. Alí está o lar dos nosos fillos máis novos, que, como entre os escandinavos, botáronse ao mar á procura da súa herdanza. É demasiado tarde para estudar hebreo; é máis im-

portante incluso comprendermos a xiria dos nosos días.

Hai algúns meses fun ver un panorama<sup>24</sup> do Rhin. Era como un soño da Idade Media. Deixei-me fluír ao longo do seu caudal histórico, con algo máis cá imaxinación, baixo pontes construídas polos romanos e reformadas por heroes posteriores; pasei por cidades e castelos cuxos nomes soaban como música aos meus ouvidos e cada unha das cales era motivo dunha lenda. Alí estaban Ehrenbreitstein, Rolandseck e Coblentz, que eu só coñecía pola historia. Había ruínas que me interesaban especialmente. Diríase que subía das súas augas, e dos vales e outeiros inzados de vide, unha música xorda coma a dos Cruzados partindo cara á Terra Santa. Fluía baixo a salmodia dun encantamento, como se fora transportado a unha idade heroica, respirando unha atmosfera cabaleiresca.

Logo fun ver un panorama do Mississipi, e mentres remontaba con traballo o río á luz da actualidade e vía os vapores facendo provisión de leña,



contaba as cidades emerxentes, contemplaba as ruínas recentes de Nauvoo, miraba os indios dirixírense cara ao oeste a través da corrente e, como antes o Mosela, agora observaba o Ohio e o Missouri e ouvía as lendas de Dubuque e do cantil de Wenona –aínda pensando máis no futuro que no pasado e o presente–, e vin que esa era a corrente do Rhin, mais dun xeito diferente; que a fundación dos castelos aínda estaba por facer, e as famosas pontes por seren tendidas sobre o río; e sentín que esta *era a auténtica idade heroica*, aínda que non a recoñezamos, porque o heroe é comunmente o máis modesto e o máis escuro dos homes.



O Oeste do que falo é apenas un sinónimo do Salvaxe; e o que estou tentando dicir é que o Salvaxe é o que preserva o Mundo. Toda árbore estende as súas fibras na súa procura. As cidades impórtano a calquera prezo. Os homes aran a terra e navegan

por el. Dos bosques e territorios salvaxes proveñen os tónicos e cascas que fortalecen á humanidade. Os nosos antergos eran salvaxes. A historia do aleitamento de Rómulo e Remo por unha loba non é unha fábula sen sentido. Os fundadores de todos os estados que chegaron a ser eminentes tamén procuraron sustento e vigor nunha fonte igualmente salvaxe. Foi porque os fillos do imperio non foron aleitados por unha loba que se deixaron conquistar e desprazar polos fillos dos bosques setentrionais, que si o foron.

Confío nos bosques e nos prados, e na noite, na que medra o trigo. Necesitamos unha infusión de abeto ou de árbore da vida no noso té. Hai grande diferenza entre comer e beber por necesidade ou por gula. O hotentote devora con avidez a medula crúa do Kudu e outros antílopes de xeito rutineiro<sup>25</sup>. Algúns dos nosos indios setentrionais comen crúa a medula do reno ártico, así como outras partes; mesmo as puntas das cornas, cando están brandas. E niso talvez se teñan adiantado ás cociñas de

París. Collen o que normalmente serve para alimentar o lume. Probabelmente sexa mellor isto para facer un home que a carne de boi cebado ou o porco de matadoiro. Mostrádeme unha terra salvaxe cuxa visión non resista ningunha civilización... como se vivísemos de devorar a medula do kudu.

Hai certos claros, percorridos polo trino do torro dos bosques, aos que eu migraría: lugares salvaxes, sen asentamento de colonos, para os que me sinto xa afeito.

O cazador africano Cumming cóntanos que a pel do eland<sup>26</sup>, así como a da meirande parte dos antílopes recén mortos, emite o máis delicioso arrecendo de árbores e de herba. Gustaríame que os homes fosen como un antílope salvaxe, como parte integrante da natureza, que o seu mesmo corpo anunciase docemente aos nosos sentidos a súa presenza e nos lembrase os lugares da natureza que máis frecuentara. Sen intención ningunha de ser satírico, é para min arrecendo máis doce o cheiro do rato do almisce que desprende a casaca do ar-

madilleiro, que o que habitualmente exhala a roupa dun comerciante ou dun erudito. Cando entro nos seus gardarroupas e toco os seus traxes, nada me suxire as chairas de herba e os prados en flor que percorreron, máis antes, lembran as prosaicas trocas comerciais e as bibliotecas.

Unha pel morena é máis ca respectábel, e talvez a cor oliva sexa máis axeitada cá branca para un home, un habitante dos bosques. “O pálido home branco!” Non me estraña que o africano tivese compaixón por el. Di Darwin, o naturalista: “Un home branco, bañándose a carón dun tahitiano, era coma unha planta embranquexada por arte do xardineiro, comparada con outra planta vizosa, dun verde escuro, que medrase vigorosa na amplitude dos campos”.

Ben Johnson<sup>27</sup> exclama:

“Que próximo do bo está o que é fermoso!”

Eu parodiaría:

“Que próximo do bo está o que é *salvaxe!*”

A vida está feita do salvaxe. O máis vivo é o máis

salvaxe. Aínda non subxugada ao home, a presenza do salvaxe o refresca. Aquel que camiña con constancia, avanzando presto e propoñendo infinitas cousas á vida, sempre atinxirá un novo país ou terra salvaxe, arrodeado da materia prima da vida. Gabearía polas raíces e troncos deitados da floresta primitiva.

As miñas esperanzas e o futuro non están nos céspedes nin nos terreos cultivados, nas vilas ou nas cidades, mais si nas tremorosas e impenetrábeis brañas. Cando, noutro tempo, analizaba a miña predilección por algunha facenda cuxa compra me interesaba, descubría con frecuencia que o que me atraía eran exclusivamente unhas poucas varas cadradas de impenetrábel e insondábel atoleiro: un sumidoiro natural nun recuncho. Esa era a xoia que me abraiaba. Atopo máis sustento nas brañas que circundan a miña vila natal ca nos xardíns cultivados da cidade. Non hai mellor platea para os meus ollos que os densos leitos de andrómeda anana (*Cassandra Calyculata*) que cobren eses lugares tenros da superficie da terra. Á botánica só lle cómpre

mostrarme os nomes dos arbustos que alí medran: arandeira, andrómada, kalmia, azalea e rododendro; todos habitantes do tremedal. Penso a miúdo que me gustaría ter a miña casa fronte a esa masa de vexetación vermella escura, deixando de lado calquera outra urdime ou límite de flores, abeto transplantado ou buxo podado, mesmo sen camiño de grava: manter este fértil terreo baixo a miña xanela implicaría traer de fóra non poucos carros de terra só para cubrir a area extraída ao cavar a adega ¿Por que non colocar a miña casa, a miña sala de estar, detrás dese lugar, en vez de colocala detrás dun conglomerado estéril de curiosidades, dese pobre intento de Natureza e Arte, ao que denomino o meu xardín dianteiro? É tarefa penosa limpar e arrombar logo de se iren o carpinteiro ou o albanel, aínda que se faga tanto polo transeúnte como polo morador da casa. O valado de mellor gusto nunca foi un obxecto de estudo agradábel para min; o adobío máis elaborado, rematado en landra, ou no que sexa, axiña me cansa e desgusta. Levade os vosos

peitorís até o bordo das brañas, daquela (aínda que podería non ser o mellor lugar para manter a adega seca) non habería acceso por ese lado para os cidadáns. Os xardíns dianteiros non están feitos para pasear, senón, como máximo, para ser atravesados, e un podería entrar pola porta de atrás.

Si; podedes considerarme un home perverso, pero se me deran a escoller entre vivir nos arredores do xardín mais fermoso que teña concibido a arte humana ou nun lamazal insalubre, con toda seguridade escollería o lamazal. Que inútiles, pois, son para min os vosos traballos, cidadáns!

O meu espírito medra infalibelmente en proporción á monotonía exterior. Dádeme o océano, o deserto ou as terras virxes! No deserto, o ar puro e a soidade compensan a ausencia de humidade e fertilidade. O viaxeiro Burton<sup>28</sup> di a propósito del: “A túa moral mellora; vólveste franco e cordial, hospitaleiro e resolto... No deserto, os licores espirituosos só suscitan noxo. Hai un gozo intenso na existencia puramente animal”. Os que teñen viaxado moito

polas estepas tártaras din: “Ao regresar ás terras cultivadas, a axitación, a perplexidade e o balbordo da civilización oprímíanos e sufocábanos; o ar semellaba faltarnos e sentiámonos en todo instante como prestos a morrer de asfixia”. Cando quero recrearme procuro o bosque máis denso, o máis pechado, interminábel e –para un citadino– tétrico dos pantanos. Entro nel como nun lugar sagrado: un *sanctum sanctorum*. Alí encóntrase a forza, a esencia da Natureza. O bosque agreste cobre o manto virxe, e o mesmo chan serve para homes e árbores. A saúde dun home require tantos ferrados de prado á vista como montes de estrume a súa leira. É a poderosa substancia da que se alimenta. Unha vila subsiste, non tanto pola existencia de homes honrados que nela residan, como polos bosques e brañas que a circunden. Un municipio onde unha floresta primitiva ondea por riba e outra apodrece por baixo está provista para fornecer non só trigo e patacas, senón poetas e filósofos para as xeracións vindeiras. Nun terreo así medraron Homero, Confucio e os



demais, e dunha natureza semellante provén o Reformador, comendo saltóns e mel silvestre<sup>29</sup>.

Preservar os animais salvaxes implica xeralmente a creación dun bosque para que vivan ou que poidan frecuentar. O mesmo acontece co home. Hai cen anos vendíanse nas rúas cascas recollidas dos nosos propios bosques. No propio aspecto daquelas árbores primitivas e vigorosas había, penso, un principio fortalecedor que afirmaba e consolidaba as fibras dos pensamentos dos homes. Ah! Arrepíame a dexeneración á que chegou nestes días a nosa vila natal, cando nin se pode coller un monllo de cascas de boa espesura, e xa non producimos brea nin terebintina<sup>30</sup>.

As nacións civilizadas –Grecia, Roma, Inglaterra– foron sustentadas polos bosques primitivos que antigamente se descompuxeron onde elas se erguían. Sobreviviron mentres non esgotaron o solo. Pobre da cultura humana! Pouco se pode esperar dunha nación cando se extingue a fonte vexetal e se ve obrigada a facer estrume cos ósos dos seus pais.

Daquela o poeta mantense só coa súa graxa sobran-  
te, e o filósofo fica nos ósos.

Dise que a tarefa dos americanos é “traballar o  
solo virxe” e que “a agricultura aquí xa acada pro-  
porcións descoñecidas en calquera outro lugar”.  
Coido que o labrego despraza ao indio precisamen-  
te porque protexe a pradería e se fai así máis forte  
e, en certo modo, máis natural. O outro día, estiven  
a demarcar para un home unha simple liña recta de  
cento trinta e dúas varas de lonxitude, a través dun-  
ha braña en cuxa entrada podían ter sido escritas  
as palabras que Dante leu na antesala das rexións  
infernais: “Despoxádevos de toda esperanza, vós  
que entrades” –de saír xamais, enténdese–; nesas  
rexións foi onde vin unha vez ao meu patrón afun-  
dido até o pescozo, sendo aínda inverno, nadando  
para salvar a vida na propiedade. El aínda posuía  
outro tremedal semellante que en absoluto puiden  
medir, posto que estaba enteiramente anegado, e  
no entanto, fiel aos seus instintos e en relación a un  
terceiro pantano, que *medín* a distancia, insistíume

en que de xeito ningún se desfaría del, por mor da lama que contiña. E ese home pretende construír en corenta meses un foso arredor del, e salvalo coa maxia da súa eixada. Refírome a el apenas para retratar unha clase de home.

As armas con que conquistamos as nosas máis importantes vitorias, que deberían legarse de pai a fillo como herdanza familiar, non son a espada e a lanza, senón a fouce, a gadaña, o sacho e a eixada, enferruxados co sangue de moitos prados e manchados co po de moitos campos de dura batalla. Os mesmos ventos levaron o milleiral do indio cara á pradería e sinalaron un camiño que el non tivo a habilidade de seguir. Non tiña mellor ferramenta coa que furar a terra ca unha cuncha de ameixa. Mais o labrego vai armado de arado e eixada.



En literatura, só o salvaxe nos atrae. Frouxidade é apenas outro nome para domesticación. É o pen-

samento incivilizado, libre e bruto en *Hamlet* e na *Iliada*, en todas as escritas e mitoloxías, que non se aprende nas escolas, o que nos resulta delicioso. Así como o pato salvaxe é máis veloz e fermoso có doméstico, así tamén o é o pensamento salvaxe, pato real que sobrevoa as charcas mentres cae o orballo. Un libro verdadeiramente bo é algo tan natural e tan inesperada e inexplicabelmente belo e perfecto coma unha flor silvestre descuberta nas praderías do Oeste ou nas selvas orientais. O xenio é unha luz que torna visíbeis as tebras, como o resplandor do lóstrego, que talvez esnaquice o mesmo templo da sabedoría; e non unha vela acesa no fogar da estirpe, que palidece ante a luz do día ordinario.

A literatura inglesa, dende os días dos menestreis aos Poetas do Lago –Chaucer, Spenser, Milton, e mesmo Shakespeare, incluídos– carece, nese sentido, de alento fresco e salvaxe<sup>31</sup>. É unha literatura civilizada e esencialmente mansa, reflexo de Grecia e Roma. A súa natureza agreste é un xardín, o seu

home salvaxe, un Robin Hood. Mostra abundante e afábel amor pola Natureza, mais falta a Natureza de seu. Nas súas crónicas dáse conta da extinción dos animais salvaxes, mais non da dos homes salvaxes que nela habitaban.

A ciencia de Humboldt é unha cousa, a poesía, outra. O poeta de hoxe, malia todas as descubertas da ciencia e a acumulación de coñecementos da humanidade, non goza de vantaxe sobre Homero.

Onde está a literatura que dá expresión á Natureza? Chamaríase bo poeta aquel que puidese imprimir os ventos e os ríos na súa obra para falaren por el; aquel que fixase as palabras aos seus significados primitivos, como os labregos chantan na primavera as estacas que a xeadá soltou; aquel que procurase a orixe das súas palabras cada vez que as empregase, transplantándoas ás súas páxinas coa terra adherida nas raíces; aquel cuxa verba fose tan verdadeira, fresca e natural que parecera expandirse como un brote ao se achegar a primavera, aínda que ficase medio afogada entre dúas follas baloren-

tas nunha biblioteca, si, para florecer e dar froito alí anualmente, consonte á súa especie, ao lector fiel, en harmonía coa Natureza circundante.

Non sei de ningunha poesía que poida expresar convenientemente esa arela polo Salvaxe. Dende esta perspectiva, a mellor poesía está domesticada. Non sei onde atopar en calquera literatura, antiga ou moderna, un texto que me encha desa Natureza coa que estou familiarizado. Darédesvos conta de que esixo unha cousa que nin a época de Augusto nin a de Elizabeth, que ningunha *cultura*, nunha palabra, pode dar. A mitoloxía aproxímase máis que calquera outra cousa ¡Canto máis fertilmente afunde as súas raíces a mitoloxía grega do que a literatura inglesa, polo menos! A mitoloxía é o froito que o Vello Mundo produciu antes de se esgotar o seu solo, antes de que a fantasía e a imaxinación fosen afectadas pola praga; e aínda produce alí onde o seu vigor primixenio permanece inquebrantábel. Todas as outras literaturas resisten apenas, coma os olmos que sombrean as nosas casas; mais aquela é como

o grande dragoeiro<sup>32</sup> dos Azores, tan vella como a humanidade e, aínda que non fora, perdurarán o mesmo tempo, pois a decadencia doutras literaturas conforma o substrato sobre o que medra.

O Oeste prepárase para xuntar as súas fábulas ás do Leste. Os vales do Ganges, o Nilo e o Rhin deron a súa colleita; queda por ver o que os vales do Amazonas, o Prata, o Orinoco, o San Lourenzo e o Mississipi producirán. Talvez cando, no decurso dos séculos, a liberdade americana se teña convertido nunha ficción do pasado –como, en certo modo, é unha ficción do presente– os poetas do mundo inspiraranse na mitoloxía americana.

Mesmo os soños máis irracionais do home salvaxe non son menos verdadeiros, aínda que non atinxan ao senso común para a meirande parte dos ingleses e americanos de hoxe. Non toda verdade atinxe ao senso común. A natureza reserva un lugar tanto á clemátide silvestre como á couve. Algunhas expresións da verdade son reminiscentes, outras simplemente *sensatas*, como soe dicirse; e outras,

proféticas. Algunhas formas de doenza poden mesmo ser prenuncios de formas de saúde. O xeólogo descubriu que as figuras de serpes, grifóns, dragóns voadores e outros fantásticos ornamentos de brasóns teñen os seus modelos nas formas de especies fósiles que se extinguiron antes da creación do home e, xa que logo, “indican un coñecemento pobre e escuro dun estadio previo de existencia orgánica”. Os hindús soñaron que a Terra repousaba sobre un elefante, o elefante nunha tartaruga, e a tartaruga sobre unha serpe; e, aínda que sexa unha coincidencia sen importancia, non está fóra de lugar dicir aquí que se descubriu recentemente en Asia unha tartaruga fósil abondo grande para soportar un elefante. Confeso que son parcial no referente a esas fantasías extravagantes que transcenden a orde do tempo e a da evolución. Son o recreo máis sublime do intelecto. Á perdiz goréntalle o chícharo, agás o que vai con ela para a pota.





En fin, todo o que é bo é salvaxe e libre. Hai algo nunha frase musical, sexa producida por un instrumento ou pola voz humana –tomade, por exemplo, o son dunha corneta nunha noite de verán– que, polo seu salvaxismo, falando sen ironía, lémbreme os berros emitidos polas feras nos seus bosques nativos. Entendo que é por esa cousa indómita. Dádeme por amigos e veciños homes salvaxes, non homes domeados. A ferocidade do salvaxe é apenas un pávido símbolo da terríbel ferocidade que coñecen os homes bos e os amantes.

Gústame mesmo ver os animais domésticos reafirmaren os seus dereitos de nacemento; calquera evidencia de que non perderon completamente os seus hábitos e vigor orixinais, como cando a vaca do meu veciño abandona o pasto ao comezar a primavera para nadar afoutamente a través do río, de caudal frío e cinsento, con vinte e cinco ou trinta varas de largura, acrecentado pola neve derretida. É o búfalo atravesando o Mississippi. Tales proezas, aos meus ollos, confiren dignidade ao rabaño, xa digno

de seu. As sementes do instinto consérvanse baixo o grosco coiro das reses e os cabalos, coma sementes nas entrañas da terra, por tempo indefinido.

O gando cando se recrea faino inesperadamente. Vin unha vez unha ducia de puchos e vacas a correr rebuldando por aí, nun torpe xogo, como se foran ratos enormes, ou mesmo gatiños. Sacudían a testa, erguían os rabos, subían e baixaban ás présas polo outeiro, e decateime, polos seus cornos e polos seus movementos, do parentesco coa familia dos cervos. Mais, aí deles! Un forte e repentino *Ahe!* apagaría de vez o seu ardor, reduciríaos de carne de veado a carne de vaca e endurecería os seus flancos e tendóns coma unha locomotora. Quen, senón o Maligno, berrou “Ahe!” á humanidade? De certo, a vida do gando, como a de moitos homes, é apenas unha especie de locomoción; moven un flanco de cada vez, e o home, coa súa maquinaria, está encontrando o punto intermedio entre o cabalo e o boi. Calquera parte tocada polo látigo fica en adiante paralizada. Quen falaría dun *flanco* para referirse

a calquera membro da flexíbel familia dos felinos, como falamos do *flanco* dunha vaca?

Alégrame que os cabalos e bois teñan que ser domados antes de seren feitos escravos dos homes, e que os propios homes garden aínda algunha avea brava para sementar antes de se tornar membros submisos da sociedade. Sen dúbida, non todos os homes son igualmente aptos para a civilización; e aínda que a meirande parte, como os cans e as ovelas, son mansos por disposición hereditaria, non é razón para que os outros degraden a súa natureza para reducirse ao mesmo nivel. Dun xeito xeral, os homes son semellantes, mais foron creados con individualidade para que puidesen diferenciarse. Se de realizar unha tarefa corrente se trata, un home a fará case ou tan ben coma outro; se é unha tarefa complexa, a excelencia individual debe ser considerada. Calquera home pode tapar un buraco para que non entre o vento, mais ningún outro home serviría tan excepcionalmente para esa tarefa como o autor deste exemplo. Confucio di: “As peles do tigre

e do leopardo, cando son curtidas, son como as peles do can e da ovella curtidas”. Mais non é función dunha verdadeira cultura domesticar tigres –nin tornar feroces ás ovellas– e curtir as súas peles para facer zapatos tampouco é o mellor uso que se lles poida dar.



Ao botar unha ollada a algunha lista de nomes en lingua estranxeira, como unha de oficiais militares, ou de autores que escriben sobre un tema en particular, lembro unha vez máis que nada hai nun nome. O nome Menschikoff, por exemplo, para os meus ouvidos non porta nada de seu máis humano ca uns bigotes de gato, e mesmo podería pertencer a unha rata. Así como son para nós os nomes dos polacos e dos rusos, así son os nosos para eles. É como se os nomes foran feitos como unha rima infantil: *Iery wiery ichery van, tittle-tol-tan*. Imaxino un rabaño de criaturas salvaxes rebulindo sobre a terra,

cada unha das cales recibiu algún son bárbaro no propio dialecto do pastor. Os nomes dos homes son, sen dúbida, tan vulgares e sen sentido como *Bose* ou *Tray*, nomes de cans.

Penso que sería un avance para a filosofía que os homes foran nomeados en conxunto, como son coñecidos. Sería só necesario coñecer a especie, e talvez a raza ou variedade, para coñecer ao individuo. Non somos propensos a admitir que cada soldado do exército romano tivese un nome propio, porque non se nos ocorreu que tivese un carácter propio.

Actualmente os nosos auténticos nomes son os alcumes. Lembro un rapaz que, pola súa particular enerxía, foi chamado “Demoledor” polos compañeiros, e ese nome substituíu ao cristián. Algúns viaxeiros cóntannos que un indio ao principio non recibía nome, senón que o gañaba, e o seu nome era a súa sona; e nalgunhas tribos recibía un novo nome con cada nova fazaña. É lamentábel cando un home ostenta un nome por simple conveniencia, sen que gañara nin ese nome nin a sona.

Non permitirei que os simples nomes me marquen diferencias, senón que seguirei mirando aos homes como rabaños. Un nome coñecido non me vai facer menos estraña a unha persoa. Pode concedérselle a un salvaxe, que mantén en secreto o seu propio título conquistado nos bosques. Todos levamos un home salvaxe dentro, e quizais nalgunhas hai un nome salvaxe rexistrado para nós. Vexo que o meu veciño, que leva o epíteto familiar de William ou Edwin, o quita xunto coa chaqueta. O nome non se lle adhire cando está durmido ou arrabeado, ou cando se excita por algunha paixón ou inspiración. Pareceume ouvir unha vez, dito por algún parente, o seu auténtico nome salvaxe nalgunha impronunciábel, ou mellor, melodiosa lingua.



E aquí está a nosa inmensa, salvaxe e clamorosa nai, a Natureza, omnipresente, con tal beleza e afecto polos fillos, como un leopardo; e porén, cedo

abandonamos os seus peitos para entregarnos á sociedade, a esa cultura que consiste exclusivamente na interacción entre home e home: unha sorte de crianza recíproca, da que resulta como moito unha simple nobreza inglesa, unha civilización destinada á duración efémera.

Na sociedade, nas mellores institucións dos homes, é doado detectar certa precocidade. Cando aínda debéramos ser crianzas, xa somos raparigos. Dádeme unha cultura que traia moito estrume dos campos e que profunde no chan, e non esta que só confía en abrasantes abonos artificiais, e en ferramentas e modos mellorados de cultivo!

Cantos estudantes de ollos cansos dos que teño escoitado falar se desenvolverían máis rápido, tanto intelectual como fisicamente, se en vez de quedar espertos até tan tarde, se concederan honestamente o descanso do parvo.

Pode mesmo darse un exceso de luz formativa. O francés Niépce descubriu o “actinismo”, esa enerxía dos raios solares que produce un efecto quími-

co; as rochas de granito, as estruturas pétreas, e as estatuas de metal “son todas igual de destrutivamente alcanzadas durante as horas de sol, e de non ser pola providencia non menos marabillosa da Natureza, deterioraríanse axiña baixo o delicado toque do máis sutil dos axentes do universo”. Mais observou que “os corpos que sufrían esa variación durante as horas de luz diúrna tiñan o poder de restituír as súas condicións orixinais durante as horas nocturnas, cando tal influencia xa non actuaba sobre eles”. Daí inferiu que “as horas de escuridade son tan necesarias para o mundo inorgánico como sabemos que a noite e o sono o son para o reino orgánico”. Nin sequera a lúa brilla todas as noites, senón que deixa lugar para a escuridade<sup>33</sup>.

Son da opinión de que non todos os homes nin todas as súas partes deben cultivarse, do mesmo xeito que tampouco cultivaría cada ferrado da terra: unha parte debe ser sementada, mais a meirande parte debería ser de campos e bosques, que non só serven para un uso inmediato, senón que preparan



un substrato para o futuro, pola putrefacción vexetal que anualmente soportan.

Para alén das letras inventadas por Cadmo<sup>34</sup>, aínda existen outras que as crianzas deberan aprender. Os españois posúen un bo termo para expresar ese coñecemento silvestre e escuro, *Gramática parda*<sup>35</sup>, unha forma de sentido común que vén do mesmo leopardo ao que antes me referín.

Ouvimos falar dunha sociedade para a Difusión do Coñecemento Útil. Dise que coñecemento é poder, e cousas semellantes. Paréceme que é igualmente necesaria unha Sociedade para a Difusión da Ignorancia Útil, á que chamaremos Belo Coñecemento, un coñecemento útil nun sentido máis elevado; pois ¿que é a meirande parte do noso gabado e pretendido coñecemento, senón a presunción de que sabemos algo, o que nos priva da vantaxe da nosa ignorancia real? Aquilo ao que chamamos coñecemento é as máis das veces a nosa ignorancia positiva; a ignorancia, o noso coñecemento negativo. Logo de longos anos de traballo

paciente e lectura de xornais –pois, que son as bibliotecas científicas senón arquivos de xornais?– un home acumula miríades de datos, arrómbaos na memoria e, daquela, cando nalgunha primavera da súa vida deambula lonxe da casa, polos Grandes Campos do pensamento, bótase á herba, por así dicilo, como un cabalo deixando todos os arreos atrás, na corte. Ás veces aconsellaría á Sociedade para a Difusión do Coñecemento Útil: “Bótense á herba”. Comestes palla tempo abondo. Chegou a primavera cos seus gromos verdes. Até as vacas son levadas a pastar aos campos antes do final de maio; aínda que teño escoitado dun labrego desnaturalizado que mantivo a súa vaca na corte alimentada con palla durante todo o ano. Así trata habitualmente a Sociedade para a Difusión do Coñecemento Útil o seu gando.

Ás veces a ignorancia dun home non só é útil, senón tamén fermosa; mentres que o seu pretendido coñecemento é, ademais de desagradábel, peor ca inútil ¿Con que home é mellor tratar: co que nada

sabe do asunto e, o que é extremadamente raro, sabe que nada sabe?¿ou co que realmente sabe algo do asunto, mais pensa que o sabe todo?

O meu anxeio de saber é intermitente, mais o anxeio de mollar a testa en atmosferas que os pés descoñecen é perenne e constante. O punto máis alto que podemos acadar non é o Coñecemento, senón a Simpatía coa Intelixencia. Ignoro se ese coñecemento superior atinxe algo máis definido cá nobre e grande sorpresa perante a revelación repentina da insuficiencia de todo o que até o momento chamamos Coñecemento: a descuberta de que existen máis cousas no ceo e na terra das que soña a nosa filosofía. É a iluminación da néboa polo sol. O home non pode *saber* nun senso máis amplo ca este, do mesmo xeito que non pode encarar serena e impunemente a face do sol: Ως τι νοων, ου Κεινον νοησεις; “O que percibas, non o percibirás como algo concreto”, din os oráculos caldeos.

Hai algo de servil no hábito de procurar unha lei á que obedecer. Podemos estudar as leis cando

e para o que nos conveña, mais unha vida realizada non coñece leis. É de certo unha descuberta desafortunada a dunha lei que nos obriga, cando antes ignorábamnos estar obrigados. Vive libre, fillo da néboa... E con respecto ao coñecemento somos todos fillos da néboa. O home que escolle a liberdade para vivir é superior a todas as leis, en virtude da súa relación co lexislador. “É deber activo”, di o Vishnu Purana, “o que non nos fai escravos; é coñecemento o que nos libera: calquera outro deber é bo apenas para a fasquía; calquera outro coñecemento é só habilidade de artista”<sup>36</sup>.



Resulta notábel a escaseza de acontecementos ou crises que hai nas nosas historias, o pouco que temos exercitado as nosas mentes; as exiguas experiencias que temos vivido. Gustaríame estar seguro de que crezo rápido e garridamente, aínda que o meu propio desenvolvemento perturbe esa aburrida ecuaní-

midade; aínda que sexa loitando a través de longas, sombrías e sufocantes noites, ou épocas de tristeza. Bo sería aínda se todas as nosas vidas fosen unha traxedia divina, en vez desta farsa ou comedia trivial. Dante, Bunyan e outros parecen ter exercitado as súas mentes máis ca nós: estaban inmersos nun tipo de cultura que as nosas escolas locais e universidades non contemplan. Até Mahoma, aínda que moitos se escandalicen por que o mencione, tiña moito máis polo que vivir, dende logo, e polo que morrer, do que xeralmente eles teñen.

Cando, moi raramente, algún pensamento nos visita, como correndo casualmente pola vía do tren, os vagóns pasan sen sequera seren ouvidos. Mais logo, debido a algunha inexorábel lei, a nosa vida continúa e os vagóns retornan.

*Brisa suave que oculta vagas,  
Dobrando os cardos do tempestuoso Loira,  
Viaxeira das ventosas valgas,  
Por que os meus ouvidos tan cedo abandonas?*<sup>37</sup>

Mentres todos os homes senten unha atracción que os encamiña á sociedade, só a uns poucos lles atrae fortemente a Natureza. Pola súa reacción fronte a ela, os homes parécenme na meirande parte, a pesar das súas artes, inferiores aos animais. Pouco a miúdo se establece unha relación fermosa, como no caso dos animais. Que pouco aprecio da beleza da paisaxe hai entre nós! É preciso que nos digan que os gregos chamaban ao mundo Κόσμος, Beleza ou Orde, mais non percibimos claramente por que o facían así, e consideramos o feito, cando moito, como unha curiosidade filolóxica.

Pola miña banda, sinto que, con relación á Natureza, vivo unha especie de vida fronteiriza, nos confíns dun mundo no cal apenas fago ocasionais e momentáneas incursións, e o meu patriotismo e fidelidade co Estado en cuxos territorios me acubillo, son os dun guerrilleiro. Para levar a vida que chamo natural seguiría de boa gana mesmo a un fogo fatuo a través de brañas e lameiros inimaxinábeis, mais nin lúa nin vagalume ningún me teñen mostrado a

estrada que leva a ela. A Natureza é unha personalidade tan vasta e universal que xamais temos visto un só dos seus trazos. Quen camiña polos campos coñecidos que se expanden en torno á miña cidade natal encóntrase ás veces noutras terras que non son as descritas nas escrituras dos seus propietarios, como se fose algún afastado lugar nos confíns da Concord real, onde remata a súa xurisdición, e a idea que a palabra Concord evoca deixara de estar presente. Esas facendas que eu mesmo medín, eses límites que sinalei, aparecen aínda confusos, como no medio da néboa. Mais non hai química que os fixe; esváense da superficie do vidro, e o cadro que o artista pintou agroma vagamente do fondo. O mundo que nos é familiar desaparece sen deixar rastro e non terá aniversarios.



A outra tarde dei un paseo pola facenda de Spaulding. Vin o solpor iluminando a beira oposta dun

maxestoso piñal. Os raios de ouro esparexíanse polos corredores do bosque coma nalgún nobre salón. Tiven a impresión como de que alí, nesa parte da terra chamada Concord, se tivese instalado algunha familia antiga, admirábel e ilustre en todos os sentidos, descoñecida para min, á que o sol servía, allea á sociedade vilega e á que ninguén visitaba. Vin o seu xardín, o seu patio de lecer, para alén do bosque, nun campo de arandos de Spaulding. Os piñeiros dábanlles teito mentres botaban raíces. A súa casa non era obvia á vista; as árbores medraban a través dela. Non sei se ouvín ou non o son dunha hilaridade contida. Semellaban recostarse nos raios solares. Tiñan fillos e fillas. Sentíanse moi ben. O carreiro dos carros, que atravesa directamente a súa sala, non lles causaba a mínima molestia; era como o fondo lamacento dun estanque que ás veces se albisca a través do reflexo do ceo. Nunca ouviron falar de Spaulding e ignoran que el é o seu veciño (aínda que o ouvín asubiar conducindo a xugada pola casa). Nada pode igualar a serenidade das súas vidas. O seu



brasón é simplemente un lique. Vino pintado nos piñeiros e carballos. Os seus faiados estaban nas copas das árbores. Non sabían da política. Non había barullo de traballo. Non percibín que estivesen tecendo ou fiando. Mais descubrín, cando o vento acalmou o seu son, o máis fino e doce arrollo musical que se poida imaxinar –como o dunha colmea distante en maio–, que, talvez, era o son dos seus pensamentos. Non tiñan pensamentos ociosos, e ninguén de fóra podería ver o seu traballo, pois non adornaban a súa actividade con nós e excrescencias.

Mais resúltame difícil lembralos. Esváense irremediabelmente da miña memoria mesmo agora, que falo e me esforzo por invocalos e lembrarme. Só logo dun tremendo e serio esforzo para recompor os meus mellores pensamentos é que me volvo novamente consciente da súa veciñanza. Se non fose por familias coma esta, coido que me mudaría de Concord.



Na Nova Inglaterra estamos afeitos a dicir que cada vez son máis escasos os pombos que nos visitan cada ano. Os nosos bosques non lles proporcionan poleiros. Así tamén, diríase, cada vez menos e menos pensamentos visitan aos homes en idade de crecer ano tras ano, pois as fragas das nosas mentes están devastadas –vendidas para alimentar innecesarias fogueiras de ambición, ou enviadas á serraría– ficando malamente un gallo onde poidan empoleirarse. Xa non aniñan nin crían entre nós. Nalgunha época máis favorábel, talvez unha feble sombra atravesase a paisaxe da mente, montada nas asas dalgún pensamento na súa migración outonal ou primaveral, mais, erguendo a ollada, somos incapaces de percibir a substancia do pensamento mesmo. Os nosos pensamentos alados transfórmanse en aves de curral. Xa non voan nas alturas, e só atinxen o esplendor dos polos de Shangai ou da Cochinchina. Eses *graaandes pensamentos*, eses *graaandes homes*, dos que oíches falar!



Apegámonos á terra. Que poucas veces ascendemos! Coido que poderíamos elevarnos un pouco máis. Podíamos subir a unha árbore, polo menos. Eu encontrei unha vez a miña xustificación para empoleirarme nunha árbore. Era un piñeiro branco moi alto, no cume dun outeiro; e aínda que me caín, fun moi ben recompensado, pois descubrín novas montañas no horizonte que nunca tiña visto antes; e moita máis terra e ceo. Podía ter andado pé da árbore arredor durante sesenta anos e de certo que nunca as tería visto. Mais, sobre todo, descubrín en torno a min –era case a fin de xuño–, nada máis no extremo das pólas máis altas, algúns minúsculos e delicados brotes vermellos e cuneiformes, a flor fecunda do piñeiro branco apuntando cara ao ceo. Levei inmediatamente á vila a punta máis alta e mostréillela a algúns forasteiros membros do xurado que camiñaban polas rúas –pois estábamos en semana de xuízos–, e tamén a labregos e negociantes de ma-

deira, a leñadores e cazadores, e ningún deles tiña visto antes cousa igual, e se marabillaban como se estivesen diante dunha estrela caída do ceo ¡E logo falan dos arquitectos antigos, que remataban ás súas obras no alto das columnas con tanta perfección como nas partes máis baixas e visíbeis! A Natureza despregou dende o primeiro instante os diminutos gromos do bosque só cara ao ceo, por riba das testas dos homes e imperceptíbeis para eles. Só vemos as flores que nacen baixo os nosos pés, nos prados. Os piñeiros desenvolven os seus delicados brotes nas pólas máis altas do bosque cada verán, dende sempre, tanto sobre as testas dos fillos vermellos da Natureza como sobre as dos fillos brancos. Porén, é raro que un labrego ou cazador os teña visto.

Sobre todo, non podemos permitirnós o luxo de non vivir o presente. Abenzoado aquel entre os mortais que non perde un instante da súa vida fugaz en lembrar o pasado. A nosa filosofía será obsoleta a menos que escoite o canto do galo en cada curral que haxa no noso horizonte. O seu son lémbraunos

habitualmente que estamos a ficar enferruxados e anticuados nos hábitos e formas de pensar. A súa filosofía se aproxima máis a un tempo presente cá nosa. Algo del suxire que se trata dun novísimo testamento: o evanxeo segundo este momento. Non cae pola popa; érguese cedo e mantense en vela; e estar onde el está quere dicir estar no momento xusto, en primeira liña do tempo. É unha expresión de vigor e saúde da Natureza, un alarde cara a todo o mundo: saúde como un manancial rebentando a cachón, unha nova fonte das Musas, para celebrar este último instante do tempo. Onde el vive non houbo ningunha lei contra escravos fuxidos. quen non traizoou ao seu mestre mil veces dende a última vez que escoitou ese canto?

O mérito da melodía deste paxaro está na súa independencia de todo ton melancólico. O cantor pode conmovernos doadamente arrancándonos bágoas ou gargalladas, mais, ¿onde está o que nos poida inspirar unha pura alegría matinal? Cando, sumido na profunda depresión, quebrando a terrí-

bel quietude das nosas beirarrúas de madeira nun domingo, ou, talvez, na vixilia dun velorio, ouzo cantar un galo novo, lonxe ou preto, penso para min mesmo: “Polo menos, hai un de nós que está ben”; e, cunha súbita efusividade, volvo ao meu ser.



Un día do último novembro tivemos un extraordinario solpor. Eu paseaba por un campo, onde nace un pequeno regato, cando o sol ao cabo atinxiu, xusto antes de se pór, e logo dun día frío e gris, un estrato claro no horizonte, e a máis suave e brillante luz matinal do sol caeu sobre a herba seca, sobre as pólas das árbores do horizonte oposto e sobre as follas das matas de carballos do outeiro, mentres as nosas sombras alongadas se proxectaban no prado cara ao leste, como se fósemos as únicas pexas nos seus raios. Tal era a luz que non a poderíamos ter imaxinado un momento antes, e o ar tamén era tan morno e sereno que nada faltaba para facer un pa-

raíso daquel prado. Cando nos decatamos de que non se trataba dun fenómeno illado que nunca máis se fora a repetir, senón que acontecería sempre, nun infindo número de tardes, e que acariñaría e acougaría até á derradeira crianza que por alí pasase, volveuse aínda máis glorioso.

O sol recóllese sobre algún prado retirado, onde non se ven casas, con toda a gloria e esplendor que prodiga sobre as cidades, e talvez como nunca antes o fixera; apenas hai unha solitaria gatafornela coas asas douradas na súa luz, ou só un rato do almisce ollando dende o seu tobo; e hai un pequeno regato de reflexos escuros no medio da braña, comezando un meandro que circunda sinuosa e lentamente un toco en descomposición. Camiñabamos nunha luz tan pura e brillante, que douraba herba e follas secas, tan suave e serenamente escintilante, que pensei nunca antes terme bañado en semellante chorro de ouro, carente de toda ondulación ou murmurio. A cara oeste dos bosques e as elevacións resplandecían coma os confíns do Elíseo, e o sol nas nosas

costas semellaba un pastor xentil guiándonos para a casa á tardiña.

Así vagamos cara á Terra Santa, até que un día o sol brille con tanta intensidade coma nunca o fixo; brille talvez nas nosas mentes e corazóns, e ilumine completamente as nosas vidas cunha inmensa luz que nos faga acordar, tan cálida, serena e dourada coma un outeiro no outono.



<sup>1</sup> *Sauntering*, de *saunter*, “pasear, deambular”. Thoreau relaciónao coa Terra Santa e, a través dela, coa peregrinaxe e os peregrinos. En galego non ten un equivalente homofónico nin etimolóxico, polo que mantemos os termos orixinais para salvar o sentido.

<sup>2</sup> Pedro de Amiens (1050-1115), tamén coñecido como Pedro “o Ermitán”, foi un crego francés que liderou a “Cruzada do pobres”, peregrinación armada á Terra Santa que, aínda fracasando, serviu como prolegómeno á Primeira Cruzada.

<sup>3</sup> *Chevalier*, *Ritter* e *Rider* son as denominacións dos cabaleiros do medievo en francés, alemán e inglés, respectivamente. Os *Équites* (“cabaleiros”, no latín) eran unha orde e clase social da antiga Roma.

<sup>4</sup> “O camiñante nace, non se fai”. Xogo de palabras en torno ao aforismo *Poeta nascitur, non fit*, “o poeta nace, non se fai”.

<sup>5</sup>        *When he came to grene wode,*  
          *In a mery mornynge,*  
          *There he herde the notes small*  
          *Of byrdes mery syngynge.*

*It is ferre gone, sayd Robyn,*  
*That I was last here;*

*Me lyste a lytell for to shote  
At the donne dere.*

Versos procedentes de *A Gest of Robyn Hode*, recollidos, a través de diversas fontes literarias (1460-1500), da tradición popular inglesa sobre o mito que hoxe coñecemos como Robin Hood.

<sup>6</sup> A *penny for your thoughts* é un proverbio inglés, neste caso probabelmente referido ao feito que describe o autor de permanecer alleo a toda atadura mundana, absorto, sen pensamentos sequera, ao vagar polos bosques.

<sup>7</sup> Referencia ao *Memorial de Santa Helena*, libro redactado por Emmanuel de Las Cases a partir das súas conversas diarias con Napoleón na illa onde foi deportado. A frase en cuestión é: “En canto á coraxe moral, moi raramente a encontrei ás dúas da madrugada: refirome á coraxe instantánea” (trad. nosa), aínda que Thoreau semella modificar a hora.

<sup>8</sup> *Subdiales ambulationes*: “Paseos ao ar libre”; a expresión e o resto da frase semellan estar tomadas do libro de John Evelyn *Sylva: Or a Discourse of Forest Trees and the Propagation of Timber* (1660).

<sup>9</sup> Na mitoloxía clásica, o río ou lagoa Estixia separaban o mundo dos humanos do inframundo, dominio de Hades. Na *Divina Comedia* de Dante, xa na tradición cristiá, aparece formando o quinto círculo do inferno e descríbese

como un lugar lúgubre e de augas lamacentas, cobrando sentido así a referencia de Thoreau.

<sup>10</sup> *Quadrvial*, no orixinal. Thoreau fai aquí un xogo de palabras dos que tanto gusta con *trivial*, “sen importancia”, e *cuadrivial*, que derivaría do latín *quadrivium*. Ambas palabras teñen o significado de “encrucillada” (de tres e catro camiños, respectivamente), e refiren tamén os dous grupos de materias que conformaban as Artes Liberais na universidade medieval: gramática, retórica e lóxica, por unha banda; aritmética, música, xeometría e astronomía, pola outra.

<sup>11</sup> Marcus Terentius Varro (116 A.C.-27 A.C.), polígrafo, militar e funcionario romano pertencente á clase dos Équites (vid. nota 3). De entre a súa extensa produción, consérvanse completos *De lingua latina libri XXV* (de referencia para os gramáticos latinos), e *Rerum rusticarum libri III* (arte da agricultura, o gando e a economía rural).

<sup>12</sup> *Vellaturam facere* fai referencia ao cobro por transporte de mercancías.

<sup>13</sup> *Manu* (no orixinal, *Menu*), en referencia ao mito hindú do primeiro humano, antepasado común de todas as razas, a quen se atribúe o ditado do libro *As leis de Manu*, primeiro texto traducido do sánscrito a un idioma europeo (neste caso ao inglés, en 1794).

<sup>14</sup> Parques de lecer: no orixinal *pleasure-grounds*, termo que actualmente refire diferentes espazos para o lecer

(parque natural, parque de atraccións, parque temático...). Thoreau semella referirse con ironía a un espazo natural acoutado no que os valores do mundo “civilizado” se sobrepoñen aos do propio medio, agoiro que podemos tristemente constatar a día de hoxe, e que porta de seu unha incongruencia que o autor soubo ver hai máis de cen anos.

<sup>15</sup> No momento en que Thoreau escribe o presente texto, encontrábase en pleno auxe o proceso colonizador británico en Australia, que comezara en 1787. O autor ironiza sobre esta cuestión establecendo unha relación entre o movemento cara ao sueste e o carácter moral dos colonizadores, posto que o continente austral foi utilizado inicialmente como receptor do excedente de convictos que poboaban os cárceres británicos.

<sup>16</sup> O Leteo é un dos ríos do inframundo, ou Hades. Segundo o mito clásico, aquel que se mergulla ou cruza as súas augas perde a memoria, esquecéndose da súa orixe e ficando a vivir nas súas beiras. Na Galiza, os romanos asociaron este mito ao río Limia, que corre por terras galegas e portuguesas até saír ao Atlántico en Viana do Castelo.

<sup>17</sup> *Than longen folk to gon on pilgrimages,  
And palmeres for to seken strange strondes.*

Versos tirados do comezo da obra medieval de Geoffrey Chaucer, *The Canterbury Tales*, escrita no século XIV.

<sup>18</sup> As hespérides eran, na mitoloxía grega, as ninfas que coidaban un maravilloso xardín no extremo occidental do mundo coñecido. O xeógrafo grego Estrabón situou este xardín frutífero en Tartessos, no sudoeste da Península Ibérica. A Atlántida, segundo recolle Platón no *Timeo* e no *Critias*, era un continente mítico, situado alén das Columnas de Hércules (é dicir, de Xibraltar), que desapareceu baixo as augas.

<sup>19</sup> *And now the sun had stretched out all the hills,  
And now was dropped into the western bay;  
At last he rose, and twitched his mantle blue;  
To-morrow to fresh woods and pastures new.*

Tirado do poema de John Milton, *Lycidas* (1637).

<sup>20</sup> François André Michaux (1770-1855), botánico francés, fillo do tamén botánico e explorador André Michaux (1746-1802); fixo unha extensa catalogación das especies arbóreas da América do Norte publicada en francés en tres volumes como *Histoire des arbres forestiers de l'Amérique septentrionale* (1810-1813), e en inglés como *The North American Sylva* (1817-1819). Alexander von Humboldt (1769-1859), humanista e científico alemán que desenvolveu unha grande cantidade de campos (antropoloxía, etnografía, filosofía, historia, xeografía, botánica, xeoloxía, etc.), viaxou entre 1799 e 1804 por todo o continente americano e reuniu nos cinco volumes da obra

*Kosmos* grande parte dos seus coñecementos e experiencias. Arnold Henry Guyot (1807-1884), xeógrafo nacido en Suíza, trasladouse en 1848 aos Estados Unidos, onde traballou até a súa morte; planificou o sistema de observación meteorolóxica dos E.U.A. e en 1849 publicou *Earth and Man, Lectures on Comparative Physical Geography in its Relation to the History of Mankind*.

<sup>21</sup> Sir Francis Bond Head (1793-1875) soldado e viaxeiro británico, foi gobernador do Canadá entre 1835 e 1837, ano no que foi relevado logo dunha rebelión na colonia, volvendo a Inglaterra, onde viviu até a súa morte. Georges Louis Leclerc, conde de Buffon (1707-1788), naturalista, botánico, matemático e biólogo francés. Escribiu, entre outras obras, *Les époques de la Nature* (1778). Thoreau cita probablemente por causa da discusión mantida entre Buffon e Thomas Jefferson, pois o primeiro defendía que o continente americano se encontraba nun estadio evolutivo retardado tanto no referente ás plantas e animais como aos indíxenas humanos.

<sup>22</sup> *Carl Nilsson Linæus*, Linneo (1707-1778), naturalista, botánico e zoólogo sueco, considerado o pai da taxonomía moderna. Os seus escritos máis destacados, dentro dunha extensísima obra, son *Systema Naturae* (1735) e *Species Plantarum* (1753).

<sup>23</sup> “Westward the star of empire takes its way”. Do título dun cadro do pintor Melrose, pintado no ano 1867. An-

drew Melrose (1836-1901), nacido en Escocia e emigrado aos vinte anos a New Jersey, encádrase dentro da corrente paisaxística de realismo romántico, con influencias, na súa etapa máis madura, do impresionismo francés.

<sup>24</sup> Thoreau refírese a un tipo de espectáculo da época, o Panorama, no que o espectador, subido a unha plataforma, visualizaba arredor del unha imaxe panorámica, pintada sobre taboleiros desmontábeis, de diferentes paisaxes, segundo fose o motivo.

<sup>25</sup> Os Hotentotes, nome pexorativo derivado do holandés *hottentot* –“tatexo”–, ou Khoikhoi –“homes”–, como eles mesmos se chaman, son unha etnia nómade do sudoeste de África emparentada con bosquimáns, damaras e hadzas; o kudu (*tragelaphus strepsiceros*) é un antílope de grande tamaño habitante das mesmas terras.

<sup>26</sup> O eland (*taurotragus oryx*) é outra especie de grande antílope africano da rexión suroriental de África.

<sup>27</sup> Benjamin Johnson (1572-1637), dramaturgo, poeta e actor do Renacemento inglés de grande influencia na súa época, especialmente á morte de Shakespeare. As súas obras máis coñecidas son *Volpone* (1605), *The Alchemist* (1610) e *Bartholomew Fair* (1631).

<sup>28</sup> Sir Richard Francis Burton (1821-1890), explorador, tradutor, orientalista e cónsul británico nacido en Inglaterra. Colleu sona polas súas expedicións a través da Asia e África, así como polo seu vasto coñecemento de linguas

e culturas (calcúlase que falaba vinte e nove linguas entre europeas, asiáticas e africanas). Fixo as primeiras traducións para o inglés de *As mil e unha noites*, o *Kamasutra*, e *Os lusíadas* de Camões, ademais de producir unha extensa obra propia de literatura de viaxes, da que destaca o seu *Personal Narrative of a Pilgrimage to Al-Madinah and Meccah* (1855).

<sup>29</sup> Refírese a Xoán o Bautista: “Xoán vestía pel de camelo, e levaba un cinto de coiro arredor do lombo; a súa comida eran saltóns e mel silvestre”, Mateo 3:4.

<sup>30</sup> A terebintina é un líquido incoloro usado como disolvente. Obtense da destilación de resinas de diversas especies de coníferas.

<sup>31</sup> Os Menestreis eran poetas intérpretes da Idade Media europea; por Poetas do Lago coñécese ao grupo formado a comezos do século XIX e integrado por Wordsworth, Coleridge e Southey. Os seus poemas, enmarcados dentro dunha tendencia romántica, foron inspirados, entre outros motivos, pola natureza do Lake District (noroeste de Inglaterra), no que habitaban e que lles deu o nome. Thoreau abrangue así na súa cita practicamente toda a literatura en lingua inglesa até ese momento.

<sup>32</sup> O dragoeiro ou drago (*dracaena draco*), é unha especie botánica nativa dos arquipélagos atlánticos das Canarias, Madeira e Azores que acada grandes dimensións e chega a vivir centos de anos. É coñecido un dos seus exempla-



res máis antigos en Icod de los Vinos, na illa de Tenerife, como “drago milenario”. Actualmente a especie encóntrase nunha situación moi vulnerábel en estado salvaxe, debido á destrución do seu hábitat.

<sup>33</sup> Joseph-Nicéphore Niépce (1765-1863), químico e litógrafo francés coñecido pola invención, xunto a Louis Daguerre, da fotografía. O actinismo (do grego *aktis*, “raio”; e *-ismos*, “actividade”) é a capacidade que ten a luz para inducir alteracións físicas ou químicas nos materiais expostos a ela. O poder actínico é máximo nos espectros de luz azul-violeta.

<sup>34</sup> Refírese ao alfabeto grego, que se atribúe ás veces a Cadmo de Mileto (CA. 500 A.C.), aínda que non é clara esta atribución.

<sup>35</sup> En español, aínda que en desuso, existe a expresión “gramática parda”, que define un saber propio de persoas que, non tendo estudos, desenvolven un tipo de coñecemento dificilmente recollido nos libros e unha habilidade para manexarse positivamente en todo tipo de circunstancias adversas.

<sup>36</sup> O Vishnu Purana é un dos textos relixiosos do hinduísmo antigo. Dátase no século I A.C., e transcribe un diálogo entre o sabio Maitreia e o seu mestre Parashará ao longo de seis capítulos nos que se tratan aspectos do mito da creación, as guerras entre asuras e devas, os avatares de Vishnu, a xenealoxía dos reis e o mito da destrución do mundo.

*Gentle breeze, that wanderest unseen,  
And bendest the thistles round Loira of storms,  
Traveler of the windy dens,  
Why hast thou left my ear so soon?*







Este libro  
abriu as súas follas  
entre os maíos  
de 2012

\*

*"Sapere Aude"*  
(Horacio)





